



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2011

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e cinco de novembro do ano dous mil once, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a M^a Monserrat Magallanes Alvarez.
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a Carmen M^a Castro González.
- D^a M^a de Fátima Iglesias Ferreira.
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo.
- D. Antonio Fontenla Martínez.
- D^a Hortensia M^a Vicente Santiago.
- D^a Rosa M^a Pazos Lomba.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a Hortensia García Díaz.
- D^a Beatriz Estévez Álvarez.

Non asisten:

- D. Antonio Lomba Baz.
- D. José Vicente Ferreira.

Actúa como Secretaria a da Corporación D^a Julia María Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada e antes de pasar a tratar os asuntos que conforman o orde do día, o señor Alcalde di que, a petición de Stop Accidentes, se gardará un minuto de silencio en recordo das vítimas de accidentes de tráfico.

A continuación, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES (ORDINARIA DE 30/09/2011 E EXTRAORDINARIA DE MESAS ELECTORAIS DE 24/10/2011).

A señora Estévez Álvarez di que na acta de 30/09/2011, nas páxinas 27 e 31 consta que ela votou dúas veces.

O señor Lomba Alonso di que, sen entrar nos pormenores da redacción, aprobarán as actas.

A señora Iglesias Ferreira di que as actas non reflexan fielmente o que se expón no Pleno, non se fan determinadas puntualizacións e ó omitir certos fragmentos algunhas frases



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

perden sentido. En relación co acta de mesas electorais, non se lles remitiu, polo que se van abster.

Intervén a secretaria e di que, por erro, non se remitiu a acta de 24/10/2011, e poden deixala para aprobar na seguinte sesión. En relación co contido das actas, explica que de acordo coa lei, as actas deben recoller breve e sucintamente as intervencións dos corporativos, e ela persoalmente non é nin breve nin sucinta cando redacta as actas, incluso recolle literalmente nalgunha ocasión as intervencións, pero non pode recoller todo, porque senón estaría facendo unha transcripción literal, o que non é o obxecto das actas, se ben cando se pide que algo conste en acta, o fai constar textualmente.

A acta de 24/10/2011 se deixa sobre a mesa, para ser aprobada na seguinte sesión.

Sometida a votación a **acta de 30/09/2011**, coa corrección sinalada pola señora Estévez Álvarez, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DOS DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez se da por enteirada.

O señor Lomba Alonso di que se dan por enteirados.

A señora Iglesias Ferreira di que se dan por enteirados.

PUNTO 3º.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2011.

Dase conta do informe de morosidade correspondente ó terceiro trimestre do ano 2011.

A señora Estévez Álvarez se da por enteirada.

O señor Lomba Alonso di que existen tres requerimentos por parte de Intervención, nos que se explican os motivos polos que non foron tramitadas as facturas: no primeiro fala de escasez de persoal administrativo encargado da tramitación de facturas; no segundo, tamén fai referencia á escasez de persoal administrativo encargado da tramitación de facturas; e no terceiro non está motivado o retraso da recollida das facturas. Insta ó equipo de goberno a que tome nota, pois esta apreciación se leva facendo dende Intervención en diferentes Orzamentos e Contas Xerais, pide que isto conste en acta.

A señora Iglesias Ferreira di que se dan por enteirados.

PUNTO 4º.- APROBACIÓN CONTA XERAL 2010.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.

Unha vez exposta a Conta Xeral do ano 2010 ó público por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, non foron presentadas reclamacións reparos ou observacións contra a mesma, a Conta Xeral se somete ó Pleno da Corporación para ser aprobada e así ser rendida ó Consello de Contas , tal e como se preceptúa no artigo 212 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004 del 5 de Marzo)

*Na Guarda, 18 de novembro de 2011
O Alcalde,
Fdo.; José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Estévez Álvarez di que se vai abster.

O señor Lomba Alonso di que non van votar a favor, entenden a necesidade de aprobar a Conta Xeral para optar a subvencións, pero se trata dunha Conta correspondente a un orzamento ó que non foron convidados a participar. Da lectura a un párrafo do informe de Intervención, en relación co remanente de Tesourería, quere que conste en acta, e que di o seguinte: “fondos líquidos de Tesourería: este dato é moi relevante xa que mostra un exceso de liquidez moi importante, 1.340.916,08 euros, e polo tanto, non xustifica o pendente de pago existente ó final do exercizo, polo que debe cancelarse todo o posible decidir sobre unha xestión eficaz destes recursos a curto prazo”. Continúa o señor Lomba Alonso e di que hai veciños que teñen negocios no pobo e se queixan de que parece que faltan cartos para afrontar as facturas, polo que hai unha contradicción entre o que di Tesourería e o que din os veciños. Se van a abster.

A señora Iglesias Ferreira, amparados polo informe de Intervención, e despois de tratarse en Comisión de Contas, non van a apoiar a proposta.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que a Conta mostra o esforzo do equipo de goberno para levar a cabo unha execución do orzamento dun 80%. Queren seguir con este alto nivel, así como reducir os prazos para o pago de facturas, se ben resalta que coa axuda da Xunta os prazos serían máis curtos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González , Vicente Baz, Crespo González e Castro González (sete votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (oito abstencións).

PUNTO 5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE EXTINCIÓN DO PADROADO DE TURISMO DO CONCELLO DA GUARDA.

O señor Alcalde da lectura á seguinte proposta:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Tendo en conta que no ano 2004 foron obxecto de aprobación e publicación os Estatutos do Padroado Municipal de Turismo do Concello da Guarda, sen que ata a data de hoxe conste que se producira a constitución formal da Xunta Rectora, nin se produciu ningún tipo de actuación posterior, nin adopción de acordos, redacción de actas, asignación dun patrimonio ou aprobación dun orzamento, polo que o citado organismo carece de operatividade.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal, en relación cos pasos necesarios para a súa extinción, e de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 dos Estatutos do Padroado Municipal de Turismo do Concello da Guarda

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Proceder á extinción do Padroado Municipal de Turismo do Concello da Guarda, sen que sexa necesaria a liquidación do mesmo, por non ter adscrito patrimonio, persoal nin orzamento, facultando ó señor Alcalde para tramitar a baixa do número de identificación fiscal asignado.

2.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

*A Guarda , 17 de outubro de 2011
O Alcalde,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

A señora Magallanes Álvarez di que este Padroado tivo o seu orixe no ano 2003 e os seus estatutos se aprobaron no ano 2004, pero nunca funcionou, e hoxe en día as súas tarefas son desenvoltas pola Concellería de Turismo, polo que nos momentos nos que estamos non se vai constituir. Urxe dalo de baixa, posto que posúe un NIF e habería que rendir contas, polo que ten que deixar de figurar como un organismo autónomo dependente do Concello da Guarda.

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor, que é un traballo que está de máis.

O señor Lomba Alonso di que o Padroado nunca funcionou nin se constituíu, o informe da secretaria é claro, non houbo intención de poñelo en marcha, pois os que a crearon non crían nel, e os que gobernaron despois non actuaron. Explica que o BNG foi moi crítico co Padroado, e se van a abster.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que nun primeiro momento se plantexaron se isto suporía algún tipo de gasto, e cal era o motivo polo que se traía a este Pleno neste momento, cando é algo que non custa nada e que existe por acordos adoptados por unanimidade, cunha serie de alegacións resoltas, polo que neste caso se van abster.

O señor Lomba Alonso di que ese Padroado non se votou por unanimidade, houbo alegacións, e o Partido Popular non as atendeu nin deixou ó BNG participar na súa confección.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Na experiencia veuse que era falsa a intención de poñelo en marcha.

O señor Español Otero reafirma o dito polo BNG, o empeño o tiña Carmen Carrero, a que fora Concelleira de Turismo, pero en conversas con ela, parece que nin sequera os seus compañeiro tiveron vontade de facelo funcionar.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso e García Díaz (sete abstencións).

PUNTO 6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DENOMINACION DE RÚA “CAMIÑO DE BRANDIÁN”.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Tendo en conta a existencia no Concello da Guarda de camiños nos que finalizaron novas construcións, pero que carecen de denominación a efectos estadísticos, como sucede co popularmente coñecido como “camiño de Brandián”, en Camposancos.

Así, e para que cause alta ante o Instituto Nacional de Estatística , proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Aprobar a denominación de “Camiño de Brandián” á vía pública xa existente en Camposancos segundo os límites sinalados no plano que se incorpora ó expediente.

*A Guarda , 8 de novembro de 2011
O Alcalde,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”*

O señor Alcalde di que hai tres veciños que sofren as consecuencias da falta de denominación oficial, e se propón o seu topónimo de sempre, para que conste en Estadística.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor. No seu momento o BNG presentou unha moción sobre ese camiño, pide que non descoide o seu estado.

A señora Iglesias Ferreira di que apoian ós veciños e votarán a favor desta proposta.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

PUNTO 7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA DO PLAN DIRECTOR DO MONTE SANTA TREGA.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

Na sesión extraordinaria da Xunta rectora do Padroado Municipal Monte Sta. Trega celebrada en data 9 de novembro de 2011 adoptouse o acordo seguinte:

“PROPOSTA DE SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE CULTURA DO PLAN DIRECTOR DO MONTE STA TREGA.

Desde outubro de 2010 o Concello da Guarda vén solicitando formal e verbalmente ante distintos responsables da Dirección Xeral de Patrimonio, copia do Plan Director do Monte Trega redactado por resolución da Consellería de Cultura do 22 de setembro de 2008.

En distintas reunións mantidas polo Alcalde e Concelleiro de Patrimonio co Director Xeral de Patrimonio, o Subdirector Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Xefe de Servizo de Arquitectura marcáronse distintas datas para presentar o Plan Director na Guarda, acordo que ata o de agora non se levou a efecto e en consecuencia nin este Padroado Municipal nin o Concello da Guarda coñecen as propostas de actuacións que dito plan debería recoller.

Para abordar calquera cuestión de ámbito arqueolóxico, paisaxístico, forestal... consideramos indispensable acceder ós contidos do Plan Director. É por isto que someto á aprobación do Padroado o seguinte

1º. O Padroado Municipal Monte Sta. Trega solicita que á maior brevidade a Dirección Xeral de Patrimonio presente o Plan Director do Monte Trega redactado por resolución da Consellería de Cultura do 22 de setembro de 2008.

2º. Remitir copia do acordo ó Conselleiro de Cultura e ó Director Xeral de Patrimonio.

3º. Solicitar do Pleno da Corporación o seu apoio a esta proposta.”

Tendo en conta a necesidade da remisión do Plan Director do Monte Trega por parte da Dirección Xeral de Patrimonio, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Apoiar o acordo adoptado polo Padroado Monte Sta. Trega e solicitar que á maior brevidade a Dirección Xeral de Patrimonio presente o Plan Director do Monte Trega redactado por resolución da Consellería de Cultura do 22 de setembro de 2008.

A Guarda , 11 de novembro de 2011



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O Alcalde,
Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

O señor Alcalde explica que se trata dun encargo da última Xunta Rectora do Padroado, para que o Concello apoie esta petición.

A señora Estévez Álvarez di que o Plan Director non van dalo ata que esté aprobado, pero votarán a favor, se por reclamar o envían antes, pois mellor.

O señor Lomba Alonso di que votarán a favor, o BNG fixo esforzos para que se fixera, pois se trata dun instrumento importante para potenciar a riqueza do Monte. Nos anos 2009 e 2010 o BNG pediu que se solicitara, tanto nos Plenos do Concello como do Padroado, non é de recibo que non se remita ás institucións que van facer uso do mesmo, e indica que hai actuación no Monte que non se sabe se van axustarse ó Plan.

A señora Iglesias Ferreira di que se trata dun acordo adoptado na Xunta Rectora extraordinaria do Padroado celebrada o pasado 9 de novembro, na que o PP votou a favor, polo que apoiarán a proposta.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

PUNTO 8º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE OS RECORTES DO PLAN CONCERTADO.

O señor Alcalde da lectura da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECORTES DO PLAN CONCERTADO.

O Plan concertado constitúe un instrumento fundamental para a colaboración e coordinación entre as administracións con competencias en políticas sociais co fin de prestar servizos públicos, actuacións e programas absolutamente fundamentais para o benestar das persoas. Sen Plan concertado non poderían existir os servizos públicos sociais que existen na actualidade.

Este plan nacido froito das políticas socialistas, ten sido o soporte de políticas municipais sociais, tanto de dotación de persoal como na elaboración, mantemento e desenvolvemento de programas de atención e cohesión social.

Obxectivos fundamentais do Plan son garantir servizos sociais a toda á poboación, proporcionar aos cidadáns e cidadás servizos sociais de calidade axeitados ás súas necesidades, construír redes públicas de equipamentos sociais, ou cooperar cos concellos na prestación de servizos sociais de calidade.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A entrada de Feijóo ao Goberno da Xunta vén supoñendo un ataque directo ao Plan concertado. Os recortes que se teñen experimentado, malia os anuncios ao uso da conselleira Mato, están a asfixiar aos concellos, e, o máis importante, a persoas que precisan deste plan para vivir nunhas mínimas condicións de benestar. A media de recortes deste ano dos orzamentos da Xunta para os concellos é do 80% o que suporía de non rectificar a morte dos servizos sociais municipais.

Os incomparables recortes da Xunta de Galicia en axudas a domicilio impedindo novas altas, a desaparición de programas está a ser denunciado polas profesionais e os profesionais do sector defendendo o interese das políticas sociais. Os anuncios da Consellaría de Traballo e Benestar sobre o Plan concertado son tantos como incumprimentos contrastables e acreditados no seu tempo de Goberno.

Polo anterior, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.º) Que a Xunta de Galicia rectifique, a través das medidas urxentes necesarias, os recortes implantados no Plan concertado e garanta, polo menos, a cobertura orzamentaria de 2009.

2.º) Que a Xunta de Galicia garanta o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do Plan concertado que existían no ano 2009.

3º) Facultar ao Alcalde-Presidente para exercitar as accións legais que procedan en defensa dos dereitos sociais dos seus veciños/as.

*A Guarda, 16 de Novembro de 2011
O Alcalde,
José Manuel Domínguez Freitas”*

O señor Alcalde explica que esta proposta ven polos recortes que xa chegaron ó Concello en relación co Plan Concertado, que é o que posibilita os servizos básicos ás persoas máis necesitadas. Resulta necesario manter os servizos que se veñen prestando. Di que o BNG ten unha moción ó respecto, cre que son complementarias, pois tratan de garantir o mesmo volume de cartos para prestar os servizos que a cidadanía precise. A lei de réxime local establece que a prestación de servizos sociais é obrigatoria para Concello de máis de 20.000 habitantes. Se trata de competencias que non é obrigatorio prestar no Concello da Guarda, pero se os prestan debe ser con axuda, e neste caso, os 30.000 euros de déficit ós poñen *entre a espada e a parede*. Apela ó apoio, en beneficio dos cidadáns máis necesitados.

A señora Estévez Álvarez di que votarían a favor modificando o punto terceiro, pois é unha obriga do Alcalde e do Concello, e no caso de ter que entablar accións, deberían reunirse para tomar as decisións correspondentes.

O señor Lomba Alonso di que a moción do BNG foi presentada no Concello o 31 de outubro de 2011, pois empezaron a saber dos recortes, e pensa que virán máis. Xa dixeron na Comisión de Asuntos Plenarios que a súa moción é máis extensa e contempla outros aspectos que son importantes. Votarán a favor da proposta, pero que aclarar o punto terceiro, pois cren que é innecesario, salvo que se trate dalgunha actuación concreta.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Alcalde di que el está facultado para o exercicio desas accións, polo que retira o punto terceiro.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que a Xunta tivo que facer un reaxuste nas súas contas de 129 millóns de euros, que ven orixinado polo incumprimento do Estado do acordado no Consello de Política Fiscal e Financiera, pois para o ano 2011 o Estado rebaixou nos seus fondos un 10% do Plan Concertado, que son un millón de euros. Di que a introducción de máis persoas dependentes no sistema e a necesidade deste departamento de priorizalas, xa que a súa atención está amparada pola lei de dependencia xerou este ano un desaxuste; en relación coas queixas que poidan aparecer, se minorou en Concellos que, de acordo cos datos, non atendían un número de persoas pola horas que inicialmente se indicaban, polo que o orzamento se fixo tendo en conta as horas de atención á dependencia que cada Concello xustificou, sempre computando o número de horas e persoas atendidas a 31 de decembro de 2010. Co fin de paliar as disfuncións que levan ós Concellos a adiantar uns custos sen coñecer exactamente o que van percibir, a Consellería de traballo está ultimando un texto que contén a nova normativa que rexenere os servizos sociais comunitarios, con medidas como o pago de anticipos ós Concellos, e se prevé que entre en vigor a principios de 2012. Di que o PP entende o que está sucedendo e o que acaba de ocorrer co incumprimento do Estado, co agravio de que o goberno non deixou preparados os orzamentos para o próximo ano, piden que se engada un texto á moción, e dado que eles buscan un consenso con todos os grupos políticos, se lles preocupa o plan concertado o grupo municipal do PP propón que se reivindicue, buscando o consenso de tódolos grupos aquí representados, a blindaxe por parte do Estado do investimento que aporta á Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do Plan Concertado, plan xitano e atención a menores, mediante transferencia anual á Xunta de Galicia. Demandando así mesmo que garantan, en relación co servizo de axuda a domicilio, a persoas en situación de dependencia que están a prestar as entidades locais, o financiamento do 50% do custo deste servizo a través do nivel mínimo de financiamento, de xeito que permita a viabilidade e suficiencia financeira do sistema para a autonomía e atención á dependencia.

O señor Alcalde di que iso se pide na segunda parte da proposta. Quere dar dous datos: en canto o 10% de baixada mencionado, nalgunha partida neste Concello se rebaixou un 80%. Coas traballadoras que agora hai no Concello non teñen suficiente. Se contratou a xente para atender os fins de semana, e non entrou ninguén no sistema, pois non deixan que entren persoas novas, posto que iso suporía que terían que dotalos de máis fondos. Eses cartos permitían atender a 29 persoas a través de 5 auxiliares, e agora son atendidas seis persoas por un só auxiliar. Quedarán fora 23 persoas e catro auxiliares. Diríxese ó PP e pregunta qué pasará o ano próximo coas persoas que non entran nese acomodo, e se terá que asumilo o Concello cando non lle toca. Di que se os cartos chegan, o Concello é quen mellor presta o servizo, pero se pregunta qué farán o ano próximo, e pregunta tamén se o recado de hoxe por parte do PP é que son partidarios de non prestar estes servizos.

A señora Iglesias Ferreira di que para responder, solicitan a inclusión do punto citado. A Xunta no ano 2011 atendeu a 11.000 novos dependentes, grazas a que a Xunta aporta un 70% do total do gasto, incumpríndose reiteradamente polo goberno central o seu compromiso de financiamento, polo que hai que ver o que hai detrás de cada grupo político e de quen goberna. Pide que se inclúa a enmienda proposta e o PP apoiará a proposta. A enmienda sería a seguinte: *“a blindaxe por parte do Estado do investimento que aporta á comunidade autónoma*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

de Galicia para o financiamento do Plan Concertado, plan xitano e atención a menores, mediante transferencia anual á Xunta de Galicia. Demandando así mesmo, que garantan en relación co servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia que están a prestar as entidades locais, o financiamento do 50% do custe deste servizo a través do nivel mínimo de financiamento, de xeito que permita a viabilidade e suficiencia financeira do sistema para a autonomía e atención á dependencia”.

O señor Alcalde pregunta se o que din é que a Xunta demande ó Estado o 50% do custe do servizo, respondendo a señora Iglesias Ferreira que ese é o acordo que sempre incumpriu o Estado.

O señor Alcalde di que o que el quere é que o próximo ano se garanta a cantidade necesaria para garantir o mesmo nivel de prestación. El non sabe se incluíron 11.000 persoas máis, pero na Guarda non, porque a Xunta non o consentiu.

O señor Lomba Alonso di que cando se puxo en funcionamento a Lei de dependencia e Galiza moitos botaron de menos o que hoxe está dicindo o PP, de que o goberno de Madrid daquela non estaba poñendo os cartos, e hoxe poñen esa desculpa para non facer os seus deberes. Di que é unha proposta do equipo de goberno, piden que se garanta como mínimo o orzamento do ano 2009, de aí en adiante, se esa enmenda o garantiza, apoiarán que sexa aceptada, posto que os tempos que veñen son moi difíciles e isto vai afectar ó sector da sociedade que pero o pasa.

O señor Alcalde da lectura dos puntos primeiro e segundo da proposta, entende que supón que circulen os cartos que se deben deste ano, de onde veñan dalle igual, non hai problema en aceptar a enmenda. A proposta quedaría redactada da seguinte forma:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECORTES DO PLAN CONCERTADO.

O Plan concertado constitúe un instrumento fundamental para a colaboración e coordinación entre as administracións con competencias en políticas sociais co fin de prestar servizos públicos, actuacións e programas absolutamente fundamentais para o benestar das persoas. Sen Plan concertado non poderían existir os servizos públicos sociais que existen na actualidade.

Este plan nacido froito das políticas socialistas, ten sido o soporte de políticas municipais sociais, tanto de dotación de persoal como na elaboración, mantemento e desenvolvemento de programas de atención e cohesión social.

Obxectivos fundamentais do Plan son garantir servizos sociais a toda a poboación, proporcionar aos cidadáns e cidadás servizos sociais de calidade axeitados ás súas necesidades, construír redes públicas de equipamentos sociais, ou cooperar cos concellos na prestación de servizos sociais de calidade.

A entrada de Feijóo ao Goberno da Xunta vén supoñendo un ataque directo ao Plan concertado. Os recortes que se teñen experimentado, malia os anuncios ao uso da conselleira Mato, están a asfixiar aos concellos, e, o máis importante, a persoas que precisan deste plan para vivir nunhas mínimas condicións de benestar. A media de recortes deste ano dos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

orzamentos da Xunta para os concellos é do 80% o que suporía de non rectificar a morte dos servizos sociais municipais.

Os incomparables recortes da Xunta de Galicia en axudas a domicilio impedindo novas altas, a desaparición de programas está a ser denunciado polas profesionais e os profesionais do sector defendendo o interese das políticas sociais. Os anuncios da Consellaría de Traballo e Benestar sobre o Plan concertado son tantos como incumprimentos contrastables e acreditados no seu tempo de Goberno.

Polo anterior, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.º) Que a Xunta de Galicia rectifique, a través das medidas urxentes necesarias, os recortes implantados no Plan concertado e garanta, polo menos, a cobertura orzamentaria de 2009.

2.º) Que a Xunta de Galicia garanta o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do Plan concertado que existían no ano 2009.

3º) Que se reivindique a blindaxe por parte do Estado do investimento que aporta á comunidade autónoma de Galicia para o financiamento do Plan Concertado, plan xitano e atencións menores, mediante transferencia anual á Xunta de Galicia. Demandando así mesmo, que garantan en relación co servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia que están a prestar as entidades locais, o financiamento do 50% do custe deste servizo a través do nivel mínimo de financiamento, de xeito que permita a viabilidade e suficiencia financeira do sistema para a autonomía e atención á dependencia”.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

PUNTO 9º.- MOCIÓNS.

O señor Lomba Alonso di que vai presentar por vía de urxencia unha moción, dando copia da mesma ós grupos, moción que será tratada ó final deste punto do orde do día.

R.E. Nº 4.902 DE UEFACC: SOLIDARIDADE, APOIO, COLABORACION E IMPULSO A FAVOR DA GUARDA E CUSTODIA COMPARTIDA.

A señora Estévez Álvarez da lectura á seguinte moción:

“MOCIÓN.

PROPOSICIÓN PARA LA ADOPCIÓN DE UN ACUERDO MUNICIPAL DE SOLIDARIDAD, APOYO, COLABORACIÓN E IMPULSO A FAVOR DE LA “GUARDA Y CUSTODIA COMPARTIDA”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Esta moción se presenta en el Ayuntamiento, a propuesta de la Unión Estatal de Federaciones y Asociaciones por la Custodia Compartida (UEFACC).

EXPOSICION DE MOTIVOS:

La igualdad real y efectiva entre hombres y mujeres en todos los ámbitos de la vida es una constante en los países democráticos y un objetivo primordial en la construcción de una sociedad más justa e igualitaria.

Igualmente, la Convención sobre los Derechos del Niño, proclamada por la Asamblea General de las Naciones Unidas el 20 de Noviembre de 1989, y ratificada por el Reino de España el 30 de Noviembre de 1990, obliga a los Estados a respetar el derecho de los niños a mantener relaciones personales y contacto directo con ambos progenitores de modo regular.

En la actualidad miles de ciudadanos españoles, incluidos también miles de niños y niñas, se ven afectados por graves problemas tras la separación o divorcio de la pareja. Según el Instituto de Política Familiar hoy se celebran en España dos divorcios por cada tres matrimonios y se estima que casi la mitad de los matrimonios que se contraen acaban, antes o después, en divorcio. Esto quiere decir que la masa de población afectada es enorme. Sin embargo, las leyes que regulan las rupturas matrimoniales están anticuadas y es necesario reformarlas, pues producen graves perjuicios sobre todo en los menores, a los que no se les garantiza su derecho más elemental de continuar conviviendo con sus dos padres de forma igualitaria y alterna, convirtiéndoles a menudo en instrumento de arma arrojadiza o en moneda de cambio para obtener considerables beneficios materiales en el proceso de divorcio.

Estas leyes son normas de un pasado ya lejano, que no tienen en cuenta la transformación de la sociedad española, en la que la mujer ha logrado incorporarse con fuerza al mercado laboral y por tanto está en condiciones de mantener su autonomía. Por su parte los varones han adoptado un papel activo en la crianza de los hijos, se implican en sus cuidados desde el nacimiento y se preocupan por su educación, su bienestar y su futuro. En contra de esa evolución social, las normas relacionadas con el divorcio imponen a la mujer la especialización en la crianza de los hijos y en consecuencia son normas que entran en contradicción con las políticas de igualdad y progreso que pretenden fomentar y consolidar el desarrollo profesional de la mujer.

En la actualidad el índice de contenciosidad en la resolución de las disoluciones matrimoniales se sitúa en el 41%. Además, el actual modelo de divorcio impone, en el 92% de los casos, que los hijos queden a cargo de un solo progenitor, mientras el otro pasa a tener, a menudo de modo impuesto, un papel secundario y sin relevancia alguna, lo que con el tiempo, en la mayoría de los casos, trae consigo la desaparición de ese referente en la vida del menor. La pérdida injustificada de uno de los padres supone un drama para cualquier niño, drama que acaba produciendo desequilibrios emocionales que arrastrará en su adolescencia y en la vida adulta.

Las consecuencias de este sistema adversarial de ganadores y perdedores, lejos de garantizar el ejercicio de los derechos y deberes, incentiva el conflicto en el seno de la familia, provocando la desaparición brutal de un progenitor en la vida de sus hijos y dificultando enormemente la posibilidad de que el divorcio pueda significar una oportunidad real para



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

rehacer la vida de los adultos y al mismo tiempo normalizar y armonizar la vida de los menores con sus dos padres.

Atendiendo a criterios de derechos de los niños, así como de igualdad y corresponsabilidad de los progenitores, son numerosos los países que han introducido la "Guarda y Custodia Compartida o responsabilidad parental compartida" en su legislación. Tal es el ejemplo de Alemania, Austria, Australia, Bélgica, Canadá, Dinamarca, EE.UU. Francia, Inglaterra y Gales, Italia, Portugal, Republica Checa, Suecia, Argentina, Brasil, Colombia, Perú, Puerto Rico, etc.

Por otra parte y como demuestran las encuestas de opinión publicadas recientemente así como las iniciativas legislativas aprobadas en diversos ayuntamientos, parlamentos autonómicos, diputaciones, juntas generales y Senado, la sociedad actual acepta y se posiciona mayoritaria y claramente a favor de la "Guarda y Custodia Compartida", aún a falta de acuerdo entre los padres.

ACUERDO:

Esta Corporación Municipal, siempre en su obligación de velar por el mejor interés de los menores y por reivindicar y defender los derechos civiles de los ciudadanos adultos y niños, donde son vulnerados, acuerda:

- 1. Considerar la figura jurídica de la "Guarda y Custodia Compartida" de los hijos, como el mayor garante del interés superior de los mismos, el cual es por encima de cualquier otro, el continuar compartiendo sus vidas en igualdad temporal, espacial y legal, con sus dos progenitores.*
- 2. Considerar que la Guarda y Custodia Compartida constituye un derecho fundamental de los menores, así como el recurso jurídico y familiar que de modo general asegura la igualdad de las partes en estos procesos, impidiendo que uno de los progenitores se eleve con el monopolio exclusivo de los menores, con el riesgo de utilización y manipulación de los mismos.*
- 3. Instar al legislador a que modifique el Código Civil para que éste recoja el ejercicio de la Guarda y Custodia Compartida desde el mismo momento en que se presenta ante el juzgado una demanda de separación o divorcio, salvo los casos excepcionales que puedan producirse. El poder judicial deberá velar por este derecho básico de los menores.*
- 4. Desde el ámbito de responsabilidad municipal, esta corporación se compromete a transmitir los valores de igualdad y de corresponsabilidad parental que comportan la Guarda y Custodia Compartida, a todos sus órganos y muy especialmente en el área de familia, igualdad y en la de servicios sociales.*
- 5. Instar a las Cortes Generales para que de modo urgente aborde las modificaciones legales pertinentes en el Código Civil de manera que figure la Guarda y Custodia Compartida como un derecho del menor que se ha de otorgar de modo general aún en defecto de acuerdo de las partes, considerando igualmente las interacciones negativas que se producen con la Ley de Violencia de Género.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Elévese está Moción a los siguientes órganos institucionales solicitando la aprobación de la misma:

- Congreso de los Diputados
 - ✓ Mesa del Congreso
 - ✓ Grupos parlamentarios
 - ✓ Comisión de Justicia
 - ✓ Comisión de Igualdad
- Senado
 - ✓ Mesa del Senado
 - ✓ Grupos parlamentarios
 - ✓ Comisión de Justicia
 - ✓ Comisión de Igualdad
- Defensor del Pueblo de España y de cada CC.AA.
- Consejo General del Poder Judicial
- Tribunal Constitucional
- Fiscalía General del Estado
- Cortes y Parlamentos de todas las Comunidades Autónomas”

O señor Lomba Alonso di que o BNG xa fixo público o seu pronunciamento a favor da custodia compartida en outubro do ano pasado, pero se trata dun tema que é competencia do poder lexislativo, e pide que se inste tamén ó Parlamento galego, solicitando a inclusión dos seguintes puntos:

“- A Corporación da Guarda insta á Xunta de Galiza e ó Parlamento galego a adoptar as oportunas modificacións lexislativas co obxecto de considerar a guarda e custodia compartida como réxime preferente que adoptará o xuíz ou a xuíz nos casos de separación e divorcio, en prol do interese superior do menor.

- Comunicar este acordo ó Presidente da Xunta de Galiza, Presidenta do Parlamento galego e ós grupos parlamentares”

O señor Lomba Alonso di que isto completaría a moción, se o aceptan o BNG votará a favor, e no caso contrario se absterán.

A señora Iglesias Ferreira di que o PP cre no deber e na obriga de defender os dereitos dos menores, e por defender e reivindicar os dereitos dos cidadáns. O PP está de acordo en instar ás Cortes xerais para que adopten as modificacións pertinentes no Código Civil para que figure a garda e custodia compartida como un dereito do menor, que sexa posible outorgar aínda en defecto de acordo das partes. En relación coa proposta do BNG, di que se trata da modificación do Código Civil, non é unha competencia da Xunta de Galicia.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que este tema suscitou preocupación, pois se trata dos dereitos dos nenos, e no equipo de goberno se concedeu liberdade de voto ós seus compoñentes, aínda que o resultado foi común, pois se trata dun tema máis profundo do que se está tratando aquí. Di que a custodia compartida está contemplada na lexislación sempre que o pidan os pais, pero non lle parece ben que cando os pais non a piden, e cando non hai



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

acordo, sexa un xuíz quen a impoña. Hoxe en día existe a garda e custodia do pai. Hai situacións nas que un dos pais traballa no mar, ou os pais viven en localidades distantes, e se pregunta cómo un xuíz pode impoñer algo que ninguén pide, e se os pais e as nais lle dedican o mesmo tempo ós nenos. Insiste en que se dea liberdade de voto os membros do equipo de goberno, se ben están de acordo todos en votar en contra.

A señora Estévez Álvarez di que se remita a moción ó Valedor do Pobo e ó Parlamento galego, eles o tiñan anotado tamén para engadirlo, non ten problema en engadilo.

O señor Lomba Alonso di que o que trata a moción é da custodia compartida como réxime preferente, que hoxe xa existe se hai acordo dos pais, entende que se ven dramas familiares, pero non é un réxime exclusivo, senón preferente, e teñen claro que a Xunta de Galicia ten algo que dicir neste tema, o BNG está preparando unha proposición non de lei sobre este tema.

A señora Magallanes Álvarez di que se trata dun asunto de moita sensibilidade e non se está tratando coa seriedade que require, pois na moción non se fala de réxime preferente, senón de que sexa o xuíz o que decida nos casos de separación ou divorcio, que moitas veces non será o mellor para os menores.

Intervén o señor Español Otero e da lectura ó punto 5º da moción, no que di “*aún en defecto de acordo de las partes*”, pensa que o peor que lle pode pasar a un neno sería que os pais non optasen pola custodia compartida e que fora un xuíz o que a determinase.

Sometida a votación a moción, coa enmenda sinalada (remitir a moción ó Valedor do Pobo e ó Parlamento galego), acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (sete votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco abstencións).

A moción non prospera.

R.E. Nº 6.011 DE CONFRARÍA DE PESCADORES SANTA TECLA ASUMIDA PLA COMISIÓN DE ASUNTOS PLENARIOS: APOIO ÓS SECTORES PESQUEIRO E MARISQUEIRO NAS SÚAS PROTESTAS EN CONTRA O PRUX DAS ILLAS ATLANTICAS DE GALICIA.

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

“APOIO AOS SECTORES PESQUERO E MARISQUERO NAS SÚAS PROTESTAS EN CONTRA O PRUX DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, que comprende os arquipélagos das Illas Cíes; Ons e Onza; Sálvora e Motes do seu contorno; Cortegada, Malveiras e outras illas próximas, foi declarado como tal o día 2 de xullo de 2002, a través da Lei 15/2002 (modificada polo artigo 121 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social), que establece no seu artigo 9 que o instrumento para a planificación da xestión do parque é o Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX).

O PRUX ten como finalidade fundamental establecer os criterios de xestión e definir as actuacións neste espazo protexido, decretando un réxime de usos de acordo cunha zonificación (áreas de "Reserva", "Uso Restringido", "Uso Moderado", "Especial" e de "Asentamentos Tradicionais") e fixando as previsións sobre as actividades agrarias, de pesca e marisqueo, así como as relativas á carga máxima diaria de visitantes.

A Lei 5/2007, do 3 de abril, da rede de parques nacionais, atribúe ás comunidades autónomas a xestión e organización dos parques nacionais. Galicia asume a administración e xestión ordinaria e habitual do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, e correspóndelle a aprobación e execución do seu Plan Reitor de Uso e Xestión.

Durante os últimos anos trasladáronse ao sector diferentes propostas do borrador do PRUX para o seu coñecemento e debate. As confrarías de pescadores, desde o principio, pronunciáronse en contra das restricións da pesca profesional plantexadas pola Dirección do Parque Nacional (zonas de reserva e de uso restringido), xustificando e defendendo sempre que a actividade pesqueira e marisqueira que se vén desenvolvendo no contorno das Illas Atlánticas é de carácter artesanal e tradicional e, polo tanto, respectuosa coa conservación e a sostibilidade dos recursos marinos, cumpríndose así co establecido no artigo 4^o. da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PN).

Para as confrarías de pescadores, os usos autorizados ñas augas do Parque Nacional, que son previos á catalogación deste, débense xestionar e organizar dentro do plan sectorial de xestión do PN. Mais, en ningún caso se pode pretender limitar ou eliminar a pesca e o marisqueo nesta área, pois trátase dunha actividade que historicamente propiciou o mantemento do actual estado de conservación do medio, e o que é mais importante, determinou a forma de vida e a subsistencia da maioría das comunidades pesqueiras do litoral das Rías Baixas de Galicia, cunha importante incidencia socioeconómica nestas.

A figura de conservación dun PN debe velar pola salvagarda dos valores naturais dunha área concreta, pero tamén polo mantemento e protección das actividades que, de xeito tradicional e sostible, se levan a cabo nese contexto xeográfico.

Atendendo a ese espírito de respecto polo medio e pola conservación das actividades tradicionais, as confrarías de pescadores consideran que a actual proposta de regulación dos usos e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia é de todo prexudicial, e atenta contra os intereses dos profesionais do mar, en canto non fundamenta con datos científicos a repercusión da pesca artesanal sobre o estado dos recursos, nin tampouco contempla unha avaliación do seu impacto socioeconómico no sector pesqueiro profesional.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Para o sector pesqueiro artesanal e marisqueiro, é imposible asumir a proposta do Parque Nacional das Illas Atlánticas, a respecto das limitacións de actividade ñas zonas de reserva e de uso restrinxido recollidas no borrador do PRUX, pois significaría abocar a gran parte do sector pesqueiro profesional á súa desaparición, ademáis de provocar un enorme incremento do esforzó pesqueiro noutras zonas do litoral e do interior das rías.

Daquela, o sector propon a elaboración dun PRUX que respecte os intereses da pesca artesanal de carácter profesional, considerando que os profesionais do mar son os máis interesados en velar pola sostibilidade dos recursos do Parque Nacional, ao tratarse do seu medio de vida e, polo tanto, dos que depende a subsistencia de miles de familias.

En definitiva, exíxese a anulación do borrador do PRUX en todo o seu contido, tendo en conta que a "conservación dos recursos naturais" que se persegue, quedaría de todo garantida mediante a aplicación exhaustiva e tallante do Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, de artes e aparellos, como normativa que regula a actividade pesqueira e marisqueira profesional (características, número autorizado e balizamento das artes e aparellos de pesca permitidos, as vedas das especies, os horarios de traballo, etc.) e a que conta na meirande parte do seu contido coa aprobación e co consenso dos sectores produtivos da pesca e do marisqueo galegos.

Pola súa banda, o Concello como institución e a Corporación Municipal que hoxe ostenta a representación de todos os cidadáns, deben ter en conta a postura adoptada por decisión unánime dun sector estratéxico e de gran importancia socio-económica no Concello de A Guarda, respaldando cantas medidas de protesta se fagan en contra dun regulamento que, de seguro, repercutirá negativamente nos intereses de moitas familias que dependen dos recursos marinos do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

Por todo o anteriormente exposto, o alcalde e/ou o/s Grupo/s Municipal/is do Concello de A Guarda propón/propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. O Concello de A Guarda apoia aos sectores pesqueiro e marisqueiro, e súmase ñas súas reivindicacións en contra do PRUX das Illas Atlánticas de Galicia.

Coa intención de acadar o maior número de adhesións ás protestas do sector pesqueiro e marisqueiro, o Concello de A Guarda dará traslado deste acordó á cidadanía en xeral para que amóse o seu apoio.

Asemade, presentará este acordó perante os organismos e institucións competentes, para que teñan en consideración as demandas do sector e accedan a paralizar o PRUX ata que exista un consenso total coas entidades representativas do sector pesqueiro profesional.

O Concello de A Guarda levará a cabo a máxima difusión posible deste acordó, co obxecto de dalo a coñecer ante opinión a pública.

En A Guarda, a 28 de setembro de 2011"

O señor Alcalde expón que o que fai o PRUX é limitar ou eliminar a posibilidade da pesca artesanal, e o que se pide con esta moción é poder conciliar a protección dun parque



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

nacional coa pesca sostible, e que as persoas que viven diso poidan facer uso. Di que na Guarda non ten moita incidencia, pero sí nas Rías Baixas.

O señor Lomba Alonso di que é coñecido pola opinión pública que o BNG presentou alegacións ó PRUX, que é un Plan que vai dende o descoñecemento do sector ata o absurdo; non se permitía abrir novas explotacións, existía desconfianza cara as Confrarías e dificultan unha actividade artesanal, nada agresiva e sostibel. Pensa que é unha das grandes “machadas” de certos gobernos da Xunta dos últimos trinta anos, sobre todo do PP, que non cren no sector pesqueiro.

A señora Estévez Álvarez di que o Plan limita máis a pesca artesanal e da menos opcións para pescar.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que o PP apoia ó sector pesqueiro, e o PP da Guarda vai apoiar esta moción. Di que o PRUX é un instrumento de planificación necesario, non é un capricho, é unha obriga legal da Xunta, o documento está en período de información pública, polo que non cabe paralizalo; sinala tamén que as Confrarías teñen os seus intereses, que eles tamén apoian e que o PRUX ten que compatibilizar a pesa tradicional coa preservación dos recursos naturais. Di que a Xunta está tendo contactos coas Confradías, hai acordos, a moción foi presentada en setembro, a Xunta está disposta a non restrinxir a pesca na illas atlánticas ata que se faga un estudo de viabilidade, plantexándose pola Consellería de Medio Rural unha especie de moratoria, mentres manteñen o diálogo, cre que van a chegar a acordos, a moción se presentou en setembro e estamos en novembro. Apoiarán a moción.

O señor Alcalde di que dende o 28 de setembro non houbo Pleno, salvo o extraordinario das mesas electorais, polo que non se trouxo o asunto. Coincide no imperativo legal de facer o Plan, pero que sexa un Plan que concilie os dous intereses. Di que se houbo avances, mellor, se agradece o voto a favor do PP.

Intervén o señor Lomba Alonso e di que parece que este voceiro dixo que o PRUX é un capricho, pero non é así, aínda que hai formas de facer as cousas, como falar e consultar co sector ante deste documento *infumable*. Di que mentres non se aprobe o Plan, a moción é válida.

A señora Iglesias Ferreira insiste en que é obrigatorio por lei, e se tiña que ter feito antes.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

R.E. Nº 6.241 DE CC.OO. ASUMIDA POR CONVERXENCIA GALEGA: MANTEMENTO DO ESPIRITO DE CONSENSO DO PACTO DE TOLEDO E RECUPERACIÓN DO PODER ADQUISITIVO DOS PENSIONISTAS E XUBILADOS.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“PROPOSTA DE MOCIÓN PARA O CONCELLO DE A GUARDA.

O sistema de seguridade social e de pensións do noso país é un dos principais instrumentos de redistribución da riqueza e supón en si mesmo un mecanismo de benestar baseado na solidariedade interterritorial e interxeracional, que ha ser coidado e preservado con especial atención polos poderes públicos, tal e como manda a Constitución española.

As pensións no noso país, ademais de teren un papel fundamental na garantía da cohesión social xeral e de xeito particular no benestar dun dos colectivos de cidadáns e cidadás máis vulnerables, desempeñan tamén un papel cada vez máis importante no ámbito económico, como garantía de demanda de bens e servizos que, pola súa vez, son motor de crecemento económico e creación de emprego.

Respecto da saída da crise, temos que recordar que a maioría dos máis de oito millóns de pensionistas españois teñen como principal ou única fonte de ingresos as súas pensións. A conxelación destas supón na práctica unha redución do poder adquisitivo dos pensionistas e as súas familias e, polo tanto, veranse obrigados a recortar o consumo, o que repercutirá negativamente no emprego. Xa que logo, a conxelación das pensións, lonxe de axudar á situación actual, retardará aínda máis a saída da crise.

Este ano 2011 encontrámonos con que, ademais da conxelación das pensións, non recuperamos o poder adquisitivo, e a perda pode ser alta xa que a taxa interanual con toda probabilidade crecerá moi por riba do 3%. Ata o de agora, se a inflación subía por encima do que o Goberno presupostaba ao rematar o ano, regularizábase eos atrasos correspondentes.

Por estes motivos, por xustiza social coas persoas xubiladas e pensionistas, por razóns da reactivación do consumo que necesita a economía para recuperar o camino do crecemento económico e a creación de emprego, compre arbitrar as medidas oportunas que posibiliten a recuperación do poder adquisitivo das pensións públicas conxeladas no ano 2011.

Por todo o devandito, o PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE A GUARDA INSTA O GOBERNÓ E O PARLAMENTO DA NACIÓN que saian elixidos ñas próximas eleccións xerais a manteren o espírito de consenso do Pacto de Toledo, o respecto ás súas propostas, e a poñeren en marcha as medidas oportunas que aseguren a recuperación do poder adquisitivo dos pensionistas e xubilados afectados pola conxelación das pensións en 2011.

Remítese copia desta resolución ao Goberno da nación, ao Congreso dos Deputados e ao Senado.

*A Guarda 26 de setembro do 2011
José Manuel Díaz Montero
Secretario Xeral da Federación de
Pensionistas e Xubilados de CCOO de Galicia”*

O señor Lomba Alonso di que, compartindo a necesidade de que as persoas pensionistas recuperen o seu poder adquisitivo, non comparten a loa que se fai na moción ó espírito de consenso, pois do último pacto saíron recomendacións cun carácter regresivo:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

aumentouse a idade de xubilación, a maioría das pensións son menores, polo que non foi moi consensuado, o BNG presentou un voto particular a ditas recomendacións e CCOO apoiou o pacto segundo o cal se levou a cabo a devandita reforma das pensións. Pero dado que comparten a necesidade de que os pensionistas recuperen o seu poder adquisitivo, propón unha enmenda de substitución, no seguinte sentido: “*O Pleno da Corporación municipal insta á Xunta de Galicia para que demande do goberno do Estado a aplicación das seguintes medidas relativas ás pensións:*

- Poñer en marcha as medidas oportunas que aseguren a recuperación do poder adquisitivo das persoas pensionistas afectadas pola conxelación das pensións no ano 2011.

- Modificar a Lei Xeral de Seguridade Social, para revertir a regresiva reforma aprobada este ano, e polo tanto aplique os seguintes criterios: a idade legal de xubilación debe establecerse nos 65 anos; o período para o cálculo da contía da pensión debe retornar ós 15 anos de cotización, podendo optarse por fórmulas que permitan seleccionar o período de vida laboral con maiores bases de cotización no futuro ou futura pensionista.”

O señor Lomba Alonso di que todo isto suporía desfacer o que se fixo por desgraza.

O señor Alcalde di que, sen perxuizo do que opine o grupo que asumiu a moción, pode haber unha dificultade para aceptar a enmenda, porque a moción foi presentada por CCOO, contestando o señor Lomba Alonso que ten a mesma dificultade que na anterior moción .

A señora Iglesias Ferreira di que o PP se comprometeu a avanzar no conxunto das novas recomendacións do Pacto de Toledo de 2011, para reforzar os instrumentos que fagan efectivos os principios de suficiencia e solidariedade, reordenar o tratamento fiscal das pensións e potenciar os sistemas complementarios na Seguridade Social, e están comprometidos co mantemento do poder adquisitivo dos pensionistas. Votarán a favor.

Intervén o señor Español Otero e di que o GMS votará a favor da moción, e recomenda ó voceiro do BNG que presente unha moción, pois o texto proposto é totalmente disitinto, pensa que é unha falta de respecto a CCOO propoñer unha enmenda a unha moción asumida por Convergencia Galega, non deben quitar nin engadir nada, eles están de acordo co apartado resolutivo.

A señora Estévez Álvarez di que non vai modificar nada, pois o BNG propón borrar o texto, deberán traelo noutra moción.

O señor Lomba Alonso aclara que están de acordo en que hai que mellorar as pensións, pero se van abster.

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, e Estévez Álvarez (trece votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ABSTENCIÓNS: Sres/as Lomba Alonso e García Díaz (dúas abstencións).

R.E. Nº 6.347 DE CTNL ASUMIDA POLO BNG: EN DEFENSA DO TRABALLO XUSTO E ILUSIONANTE DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

“En defensa do traballo xusto e ilusionante dos servizos de normalización lingüística (SNL).

Os/as técnicos/as de normalización lingüística dos concellos galegos, e no seu nome a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), ante a situación xeral do proceso de fomento do galego e dos servizos de normalización lingüística (SNL), temos que expresar:

1. Os servizos de normalización lingüística (SNL) son os departamentos que desenvolven o traballo técnico de cara a avanzar no consensuado proceso de normalización da lingua galega. Un traballo necesario, xusto e ilusionante de fomento do galego no nivel de contacto máis directo coa cidadanía. Os SNL contribúen a difundir do xeito máis próximo entre a poboación, por exemplo, as creacións culturais galegas, desenvolven accións de dinamización e fomento da lingua, achéganlle á poboación máis nova alternativas de lecer en galego, difunden e xestionan os cursos de formación en lingua galega, velan pola calidade lingüística e comunicativa das institucións, velan pola garantía dos dereitos lingüísticos, difunden materiais, recursos e servizos en lingua galega, procuran a formación lingüística dos/as traballadores/as públicos/as e da cidadanía en xeral, ofrécenlles asesoramento lingüístico a empresas e asociacións, etc.

2. Aínda que a situación actual dos SNL é moi precaria e, polo tanto, moi mellorábel, chegar a ela significou un proceso de anos que non podemos botar por terra. Por iso, para non desbotar o conseguido até agora e para procurar mellorar a situación, compre o compromiso de todas as entidades públicas, que nun momento de dificultade económica como o que estamos a vivir non poden caer na irresponsabilidade de desprotexer o noso maior patrimonio común, a lingua galega.

3. A Xunta de Galicia suspendeu as axudas ao fomento do galego nos concellos, e isto non é, desgrazadamente, un feito puntual, xa que se enmarca nunha política de minorización e desprestixio da lingua galega por parte do goberno que debe ser freada canto antes. Esta irresponsábel decisión da Xunta supón a paralización e redución de múltiples actividades de dinamización por parte dos concellos e, polo tanto, unha redución de servizos e actividades dirixidas á cidadanía. Ademáis, é incoherente que a SXPL leve dous anos anunciando e publicitando unha non nata Rede de Dinamización Lingüística local para, supostamente, apoiar e colaborar coas entidades locais na promoción da lingua, ao mesmo tempo que lles retira a estas entidades as xa moi escasas e precarias axudas que se venen convocando desde hai 20 anos, e que, polo tanto, se provoke o peche de servizos de normalización lingüística e a non creación doutros novos.

4. A situación dos departamentos técnicos de normalización lingüística dos concellos é moi grave. Dos arredor de 60 existentes, a metade permanecen abertos dependentes



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

do convenio de colaboración que a Deputación da Coruña mantén con concellos da súa provincia. Se nalgún momento a Deputación da Coruña decide reducir eses convenios, a metade dos SNL do país estarán en grave perigo de desaparición.

5. Todo isto demostra a situación de precariedade e inestabilidade total, o que nos leva a reiterar a proposta dun outro modelo de organización dos servizos de normalización lingüística na procura da planificación territorial e a estabilidade, de tal xeito que se cree unha estrutura real e coordinada de servizos técnicos para a normalización lingüística que abranga o conxunto do país e que, polo tanto, sexa máis eficiente, consiga mellores resultados e rendibilice mellor os recursos públicos. Neste sentido, a CTNL reitera a súa proposta de coordinación de SNL, agrupados nun consorcio interadministrativo, con unidades técnicas multidisciplinares a nivel comarcal.

6. Por estas razóns, dirixímonos á Xunta de Galicia e a diversas entidades para que coñezan esta situación, e á Real Academia Galega, ao Consello da Cultura Galega, ao Instituto da Lingua Galega, aos departamentos de galego das tres universidades e a diversas entidades privadas de defensa da lingua para solicitarlles que apoién este comunicado e as solicitudes que contén.

E dirixímonos tamén a todos os concellos galegos para solicitarlles que apoién e aproben as seguintes resolucións:

Demandámoslle á Xunta de Galicia que asuma a competencia de impulsar e coordinar os servizos de normalización lingüística (SNL) e de colaborar co fomento do uso do galego nos concellos, para o que debe dedicar os suficientes recursos económicos e materiais de xeito estábel. Solicitamos, pois, que se cree unha estrutura real e coordinada de SNL que abranga o conxunto do país, para o que se propon como posibilidade a figura dun consorcio interadministrativo.

Instamos á Xunta de Galicia e a todas as entidades públicas galegas a que adquiran o compromiso real de fomentar o uso e prestixio da lingua galega, con prácticas coherentes con ese compromiso e coa posta en marcha de medidas decididas e eficaces na procura da normalización lingüística. O noso concello tamén adquire este compromiso.

Comprometémonos a procurar acadar a partir de 2012 a porcentaxe do 0,3% do orzamento xeral do concello para o fomento da lingua galega, investindo estes recursos en servizos técnicos para planificar e xestionar o proceso de normalización lingüística, e en accións de fomento do galego no municipio.

Solicitámoslle á Xunta de Galicia que tamén adquira ese compromiso e que, polo tanto, tamén procure acadar a porcentaxe do 0,3% do seu orzamento a partir de 2012 para o fomento da lingua galega, investindo ese orzamento nunha estrutura de SNL coordinada que planifique e xestione o proceso, e en accións dinamizadoras do galego no conxunto da sociedade, e que o faga de xeito planificado, coordinado e colaborativo con outras entidades e administracións públicas, para así investir eses escasos recursos dispoñíbeis do xeito máis eficiente posíbel.”

A señora Estévez Álvarez pide ó BNG que retire os puntos 3 e 4, pois en caso contrario votarán en contra, pois están de acordo na normalización, pero no Concello da Guarda hoxe



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

por hoxe todo se fai en galego, polo que dispoñer do 0,3% do orzamento para o galego, hoxe en día non está de acordo.

O señor Fontenla Martínez cre que a Xunta xa ten ese compromiso co galego, se ben nos atopamos nun momento en que se deben facer axustes. Están de acordo cos puntos 1 e 2, pero non teñen claros os puntos 3 e 4, pode ser que nalgúns casos esa porcentaxe non chegase, e espera que nun tempo o galego estea ó mesmo nivel que o castelán sen destinar nada, polo que se van abster.

O señor Español di que está de acordo co PP, son asumibles os puntos 1 e 2, pero non son momentos para asumir os outros puntos, e facer unha inversión, referíndose ós 21.000 euros de partida anual. Se trata dunha moción asumida polo BNG, que pode estar condicionado a aceptar enmendadas, polo que votarán en contra, salvo que se retiren os puntos 3 e 4.

O señor Lomba Alonso diríxese á señora Estévez Álvarez e lle pregunta se está “*de cachondeo*”, pois na moción anterior o BNG propuxo un cambio no apartado resolutivo, e foi criticado por ela, e afora plantexa unha modificación. Di que o BNG coincide ó 100% coa moción, pois o que din os puntos 3 e 4 é que se procure acadar esa porcentaxe, falando dunha cuestión progresiva. Pensa que van *apañados* co galego se non o promocionan, e pregúntalle á señora Estévez Álvarez se se está rindo deles, contestando a señora Estévez Álvarez que ela non se está rindo de ninguén, pois da mesma forma que el pediu modificar a anterior moción, ela pide a modificación desta.

Intervén o señor Fontenla Martínez e di que o PP non pediu a retirada dos puntos 3 e 4, senón que non os compartía e se ían abster, só dixeron que esperan que non faga falta promocionar o galego para que se manteña.

O señor Español Otero critica a agresividade do señor Lomba Alonso coa voceira de Convergencia Galega, pois todos cometen erros, e tamén o señor Lomba Alonso introduxo unha proposta de enmenda na anterior moción. Pide que deixe esa contenda persoal, e en relación coa moción, queren ser serios, non poden darlle cumprimento.

O señor Lomba Alonso di que na anterior moción, todos dixeron que tiñan que respectar o espírito de CC.OO. ó redactar a moción. Diríxese ó señor Español Otero e di que el aquí fala politicamente, nunca persoalmente, e critica, dende o punto de vista político, a incoherencia do discurso que se fixo antes. Se a orde das mocións houbera sido ó revés, o BNG non pediría a Convergencia Galega a modificación da moción. Pide que non falen de agresividade, pois que o voceiro do GMS diga iso non lle parece normal, con todo o que teñen discutido. Di que cando se fagan os orzamentos haberá moitas partidas que discutir, non só dunha suposta partida que puidera ser dun 0,3%, insistindo en que eles non falan en ningún momento desa porcentaxe como mínimo, senón que dixeron progresivamente.

O señor Español Otero di que non vai entrar no debate, ninguén ten intención de rirse do señor Lomba Alonso.

O señor Fontenla Martínez quere dicir o mesmo que o señor Lomba Alonso. Aquí o debate e a discusión é política, pois cando saen do Pleno el lle tende a man a todo o mundo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a moción, acadou co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso e García Díaz (dous votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González e Estévez Álvarez (oito votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco abstencións).

A moción non prospera.

(Sae o señor Español Otero, 21:35 horas).

R.E. Nº 6.455 DE CONVERXENCIA GALEGA: MEDIDAS DE AXUDA E PROTECCIÓN DIANTE DO CONTINUO PECHE DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN GALEGO.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

“En virtude do desposto no artigo 97.2 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

MEDIDAS DE AXUDA E PROTECCIÓN DIANTE DO CONTINUO PECHE DE MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN GALEGO

Nos últimos dous anos e medio, máis concretamente, dende a chegada do Partido Popular a Xunta de Galicia, a situación da lingua galega non fíxo máis que empeorar de maneira alarmante. Unha boa proba disto é o continuo anuncio de peches de medios de comunicación en galego dende que Alberto Núñez Feijoo é Presidente do Goberno Autónomo. Así:

*** O 24 de xullo de 2010 decía adeus aos seus lectores vieiros.com Nacido en 1995, era o xornal dixital máis antigo de Galicia, alén de ser un dos de maior audiencia do país.*

*** Pouco tempo máis tarde despedírase dos quioscos o periódico semanal A Peneira (tanto na súa edición dixital como a versión en papel, que ademáis tina varias edicións comarcáis) Este medio viña de facer 2 anos pouco antes de péchalas portas.*

*** Polas mesmas datas, deixaría de editarse o histórico periódico semanal A Nosa Terra, que levaba publicándose ininterrompidamente máis de 30 anos, dende a súa refundación en 1977.*

*** Un ano despois, o 28 de xuño deste ano, deixaría de publicarse o único xornal de pago escrito integramente en galego, o Galicia Hoxe. Creado pola Editorial Compostela en 1994, co seu peche foron máis de 20 as persoas despedidas.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*** Tamén no 2.011, máis concretamente no mes de agosto, anuncia o seu adeus a edición en papel Xornal, diario bilingüe, nacido a finais do 2.008, deixando na rúa a máis de 80 traballadores.*

*** No mes de setembro, comunican o seu peche a edición dixital de Xornal, xornal.com e tamén a anosaterra.org*

En tódolos casos, tanto editores como traballadores dos medios pechados acusaron a nova política lingüística aplicada dende a Xunta de Galicia polo Partido Popular como unha das maiores responsables dos seus peches. Así durante estes anos o goberno autonómico aplicou criterios e haremos que favorecerían aos medios escritos en castelán fronte aos impresos en galego tanto no reparto de subvencións como de axudas ou de publicidade institucional (un exemplo disto, é que o longo deste ano, o xornal madrileño ABC -que xa non é que non publique nada en galego, senón que nin tan siquiera respecta a nosa toponimia) recibiu máis diñeiro público que Xornal de Galicia)

Con este tipo de políticas, sumadas a outras como o polémico decreto do galego no ensino, a actual Xunta de Galicia, deixa en evidencia que, lonxe de cumprir co seu deber de defender a lingua propia do País, está a agredila dunha maneira continuada, ponendo de manifestó a influencia que certos grupos sociais en contra do galego posúen dentro do partido gobernante, que non contentos ca eliminación da prensa en lingua propia, memso cegaron a propor que a Radio Televisión de Galicia.

Por todo elo, dende o Grupo Municipal de Convergencia Galega, instamos ao Pleno do Concello de A Guarda, adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- Solidarizarnos cos/as traballadores/as de tódolos medios de comunicación desaparecidos ao longo destes meses.

Segundo.- Rexeitar a actual política de axudas aos medios de comunicación levadas a cabo dende o goberno autonómico, por inxusta e arbitraria.

Terceiro.- Rexeitar de maneira rotunda e contundente a posibilidade de que a CRTVG deixe de emitir integramente en galego.

Cuarto.- Emprazar a Xunta de Galicia a que cumpra o Estatuto de Autonomía de Galicia que define a nosa terra como un país bilingüe que favorezan a presenza da lingua propia nos medios, garantindo deste xeito o dereito dos cidadáns a poder ser informados en galego. Un dereito que, pola contra, actualmente si existe para as persoas que queiran ser informadas en galego.

Quinto.- Dar traslado deste acordó ao aos Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego.

A Guarda, a 20 de Outubro 2.011”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso insiste na incoherencia de Convergencia Galega, pois no Pleno anterior o BNG presentou unha moción en relación coas axudas destinadas aos Concellos en materia de normalización lingüística, e se abstivo na votación, e neste Pleno presenta esta moción, parécelle de “cachondeo”, non se pode estar dicindo unhas cousas nuns Plenos e outras noutros, e que conste que le está falando politicamente.

(Regresa o señor Español Otero, 21:35 horas).

Continúa o señor Lomba Alonso e di que non se sostén, por coherencia. Van apoiar a moción, en conciencia, porque o BNG defende o galego en toda a súa extensión, tanto nos Concellos como nos medios de comunicación, pero que el saiba, no Estatuto de Autonomía de Galicia non aparece que sexamos un país bilingüe, o que sí aparece é que Galiza ten unha lingua propia, que é o galego.

O señor Fontenla Martínez di que xa se falou no Pleno anterior deste asunto, e votarán en contra, polos seguintes motivos: en relación co punto primeiro, eles se solidarizan con calquera traballador que perda o seu emprego; en canto ó punto segundo, o diario “Xornal” só viviu co goberno de Núñez Feijoo, se creou por un constructor ó amparo dunhas eleccións, e pregunta cántos dos que están agora aquí están suscritos a estas publicacións. Di que os xornais son empresas, e se non son rentables, non se poden manter, di a moción que a Xunta destina máis cartos ós medios nacionais, pero moitas veces cando a Xunta destina cartos a un xornal é para dar publicidade ós actos ou actuacións, el prefire que se destine cartos para dar difusión autonómica ou estatal a un contido que se lles dean cartos a xornais que nin sequera se someten ó estudo xeral de medios. En relación co punto terceiro, non sabe e non cre que sexa un problema, non todas as canles que hai teñen por qué emitir en galego, poderían emitir noutras linguas. Di que o punto cuarto non ten sentido se non están de acordo co anterior. Pensa que se debe abandonar a idea de que todo é subvencionable polas Administracións, as empresas deben poñerse a funcionar, porque senón mañán virán as empresas do metal a pedir subvencións. Él ve ben o uso que se fai do galego, e que se valore, pero non están de acordo coa moción.

O señor Español Otero di que votarán a favor.

Intervén a señora Estévez Álvarez dirixíndose ó BNG e di que non se sinte atacada persoalmente, e en canto á moción, ela entende que a normalización é para defender ó galego, pero nos medios cada un é libre de usar calquera idioma. Di que o Estatuto sinala que o galego e o castelán son oficiais en Galiza, e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.

O señor Lomba Alonso di que iso non supón que sexa bilingüe.

A señora Estévez Álvarez diríxese ó PP e di que aquí xornais é unha pequena introducción, “A Peneira” tería os seus seguidores e se publicaba nalgún sitio, e hoxe na TVG 2 xa dan películas subtituladas, pero para ela é normal que na TVG 1 o dean todo en galego. Di que está claro que as empresas deberían deixar de pedir subvencións, pero habería que mirar a qué empresas se lles dan subvencións, pois hai empresas que son privadas ás que non se lles deberían dar.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso di que isto non hai por onde collelo, non sabe se a señora Estévez Álvarez ten claro o que é a normalización, e dá lectura ó punto terceiro da moción, que di o seguinte: *“Terceiro.- Rexeitar de maneira rotunda e contundente a posibilidade de que a CRTVG deixe de emitir integramente en galego”*. Pensa que o discurso é incoherente, non sabe ónde está aí a defensa do galego. Diríxese ó señor Fontenla Martínez, que acaba de dicir *“que logo veñen os do metal a pedir subvencións”*, cando é un sector fundamental para o noso país, e deben darlles subvencións se as necesitan, e pregunta cuántas páxinas en galego ten o ABC. As subvencións para eses medios non son para facer publicidade da Xunta, senón que se trata dunha partida de promoción do galego, misturalo todo non é decente, pois outros medios con moitas páxinas en galego non reciben apenas subvencións.

O señor Fontenla Martínez di, en relación co punto terceiro, que *“rexeita de maneira rotunda e contundente a posibilidade de que a CRTVG deixe de emitir integramente en galego”* e despois se fala de que hai outras que xa non están emitindo en galego. El ten a cifras do que se lles deu ós medios, non son cantidades tan altas, e moitas veces son en base a convenios de publicidade. Non todo pode estar subvencionado.

Intervén o señor Alcalde para finalizar o debate e recorda que quedan dez mocións.

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

R.E. Nº 6.456 DE CONVERXENCIA GALEGA: APOIO A PROCLAMACIÓN DO ESTADO PALESTINO.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

“En virtude do desposto no artigo 97.2 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, para a súa aprobación se procede a seguinte

MOCIÓN:

APOIO A PROCLAMACIÓN DO ESTADO PALESTINO

O Concello de A Guarda, expresa o seu total apoio a iniciativa do Goberno Palestino diante das Nacións Unidas para proclamar o Estado Palestino, en base as Resolucións 181, 194 e 242 do Consello de Seguridade da O.N.U. Palestina ten dereito a un estado propio, democrático, vivindo en paz e con seguridade xunto a seu vecino Israel, no marco das fronteiras establecidas en 1967, eos intercambios de territorio que acorden ámbalas dúas partes, e con capital en Xerusalén.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O apoio do Concello de A Guarda, faise no mesmo senso que a MOCIÓN número 34 aprobada polo Congreso dos Deputados do Reino de España, con ocasión do recente Debate do Estado da Nación.

O Concello de A Guarda, urxe neste senso ao Goberno de España a actuar en consecuencia ñas distintas actuacións nos foros internacionais, dando tódolo séu apoio a iniciativa da proclamación do Goberno Palestino.

A Guarda, a 27 de setembro do 2.011”

A señora García Díaz di que o BNG cre na liberdade dos pobos, dos de lonxe e dos de cerca, pois como organización nacionalista traballan por iso a todos os niveis, polo que apoiarán a moción.

A señora Iglesias Ferreira di que sobre o dereito de Palestina a un Estado propio e democrático están de acordo; o PP aposta pola vía de negociación entre eses dous Estados. Sinala que corresponde ó Goberno de España adoptar os acordos internacionais oportunos no marco que establece a Unión Europea. En relación coa moción, di que en xuño se adoptou un acordo no Congreso dos Deputados, pero ese acordo non se reflicte ben na moción, pois non se falou de reparto de territorios nin da capitalidade adxudicándoa a Jerusalén. Di que é importante o diálogo entre as partes, pensa que se trata dunha moción ambigua, que inclúe temas non contemplados nin tratados na moción aprobada polo Congreso, pensa que non lles corresponde a eles abordar este asunto.

O señor Español Otero di que apoiarán a moción.

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

R.E. Nº 6.550 DE CONVERXENCIA GALEGA: PREVENCIÓN CONTRA ATROPELOS DE TRÁFICO RURAL.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

“En virtude do desposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, para a súa aprobación se procede a seguinte MOCIÓN:

PREVENCIÓN CONTRA ATROPELOS DE TRAFICO NO RURAL

As condicións meteorolóxicas adversas que impiden moitas veces unha correcta visibilidade na estrada e, a elevada dispersión da poboación ñas zonas rurais sitúan a nosa



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

térrea a cabeza no índice de feridos e falecidos por atropelos de tráfico de España.

Segundo os datos do 061 e da Dirección Xeral de Tráfico, o ratio de falecidos en atropelos en Galicia é o dobre que o da media estatal.

Desgraciadamente o Concello de A Guarda non é inmune a esta situación e os accidentes de tráfico deste tipo danse a miúdo no noso concello dunha maneira habitual. As situacións de risco as que as veces están expostos os viandantes e ciclistas guardeses -fundamentalmente na zona rural- fan incómodo para moitos deles o tránsito polos nosos caminos e estradas, especialmente durante as noites ou os días con condicións meteorolóxicas desfavorables. O risco agudízase máis aínda cando falamos de persoas de avanzada idade ou menores de idade.

Durante varios anos o Concello de A Guarda levou a cabo un Plan de Educación Vial centrado nos nenos/as nos centros escolares. Os resultados de ditas actividades, levadas a cabo por membros da Policía Local so se poden considerar de altamente positivos.

Por todo elo;

O Grupo Municipal de Convergencia Galega, instamos a adopción dos seguintes ACORDOS:

Levar a cabo un Plan de Educación Vial onde se destaque unha campaña que leve por nome Faite Ver destinada a prevención contra os atropelos de tráfico.

Esta campaña será destinada os/as nenos/as en idade escolar así como tamén a grupos de maiores, especialmente aqueles que teñan por hábito caminar e/ou circular en bicicleta polas estradas, a fin de conseguir que esta actividade a fagan de xieto máis seguro.

Dar continuidade as campañas de reparto de brazaletes e chalecos reflectantes para que así poidan facerse ver mellor e caminar polas estradas e caminos dun xeito máis seguro, e polo tanto menos incómodo, especialmente naqueles espazos onde non existe beirrás.

Incorporar esta campaña Faite Ver dentro dun Plan de Educación Vial que todos os anos a Policía Local impartirá entre os escolares guardeses.

*A Guarda, a 20 de Outubro de 2.011
Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Guarda"*

A señora García Díaz di que votarán a favor da moción, coa responsabilidade e coherencia que lle falta a Convergencia Galega, pois o BNG presentou unha moción para elaborar o Plan de tráfico e Convergencia Galega dixo que era difícil elaborar o plan antes de fin de ano, porque non estaba fixado no orzamento, e pregunta se agora xa hai orzamento.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que calquera programa de prevención é importante, e o nome tamén lle parece ben, se ben está de acordo co BNG en relación co orzamento necesario para este tipo de campañas, quere saber se existe, e lle consta que a Policía Local levaba a cabo estas tarefas en educación infantil. Deberían ver a carga de traballo



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

da Policía Local e valorar a posibilidade de contar con voluntarios e profesionais que teñan outra formación máis adaptada ás idades dos nenos. Votarán a favor.

O señor Español Otero di que votarán a favor. Se viña facendo xa a través dun Policía Local, e se deixou de facer despois de que se trasladara a outro Concello. Non saben se o farán coa Policía Local ou con monitores, pero se repartirán chalecos e brazaletes, pois aínda hai existencia, polo que non tería custe. Se tratará de artellar a fórmula para que chegue á xente que ten o hábito de camiñar.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

(Sae o señor Español Otero, 22:02 horas).

R.E. Nº 6.551 DO CONVERXENCIA GALEGA: MODIFICACIÓN DA LEI HIPOTECARIA CO FIN DE REGULAR A DACIÓN EN PAGO E ADOPTA-LAS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITA-LOS DESAHUCIOS POR MOTIVOS ECONÓMICOS.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN:

INSTANDO O GOBERNO DO ESTADO A MODIFICALA LEI HIPOTECARIA CON FIN DE REGULAR A DACIÓN EN PAGO E ADOPTALAS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITALOS DESAHUCIOS POR MOTIVOS ECONÓMICOS

VISTO que co estoupido da crise e o aumento do paro, centos de miles de familias teñen chegado a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas.

VISTO que según os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, soio entre 2007 e 2010 no Estado Español, téñense producido perto de 300.000 execucións bancarias, e que as previsións din que entre 2.011 e 2.012 podería chegarse a cifra de 500.000

VISTO que cando isto sucede, as familias non so enfréntanse a perda da súa vivenda senón tamén a unha condea financeira de por vida: a entidade bancaria interpon unha demanda e iniciase o proceso de execución hipotecaria que finaliza ca subasta do inmovible. Si a subasta queda deserta (cousa que no actual consenso de crise sucede en máis do 90% dos casos), ca lei vixente a entidade bancaria adxudícase a vivenda polo 50% do valor de tasación e sigue reclamando o pago da débeda restante, máis os intereses e costes xudiciais, as persoas en situación de insolvencia, mediante o embargo de nóminas, contas, etc., así como tamén o embargos aos avalistas. E decir, ademáis de perdela vivenda, miles de familias enfrontanse a unha condena financeira de por vida que se traduce nunha condea a exclusión social e a economía sumergida.

VISTO que esta legislación que permite que as entidades financeiras se adjudiquen as



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

vivendas polo 50% do valor de tasación non so é anómala e non ten comparativa cas lexislacións doutros países do noso entorno, senón que edamais era descoñecida polas familias cando asinaron os contratos hipotecarios. Feito que se suma a publicidade enganosa ca que comercializaron a maioría desas hipotecas, a sobrevaloración ñas tasacións e a linguaxe de difícil comprensión utilizado nos contratos que agora se descubre que en moitos casos escondía todo tipo de cláusulas abusivas, como é o caso das cláusulas do solo.

VISTO *que consideramos inadmisibile e totalmente inxusto que nún estado social e democrático de dereito, totalas consecuencias da crise recallan sobre a parte máis vulnerable do contrato hipotecario e en cambio as entidades financeiras, en boa medida responsables da actual crise, reciban axudas millonarias que saen dos impostos, sin ter que asumir ningunha responsabilidade, o mesmo tempo que siguen xenerando miles de millóns de beneficios anuais.*

CONSIDERANDO *que Tololo aquí exporto vulnera o actual marco xurídico, posto que o dereito a vivenda é un mandato constitucional, especialmente recollido no artigo 47 da Constitución que di: "Tódolos españois teñen dereito a unha vivenda digna e axeitada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito..."*

Pero tamén no artigo 33, que limita claramente o dereito a propiedade privada o cumprimento da súa función social (e que a día de hoxe incumplense sistemáticamente nos pisos vacíos acumulados polos bancos e caixas), ou no artigo 24 que garanta a tutela judicial (vulnerando nos procesos de execucións hipotecarias donde prodúcese clara indefensión)

Así como os compromisos xurídicos en materia de dereito a vivenda asunidos polo estado español o ratificar tratados internacionais vinculantes como son, entre outros, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (artigo 25) e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (artigo 11), especialmente a partir da súa Observación Xeral nº 4 -que concreta o contido o dereito a unha vivenda axeitada- e a Observación Xeral nº 7 -que define os desaloxos forzosos como unha das principais vulneracións o dereito a vivenda-

CONSIDERANDO *que Tololo aquí exporto depende basicamente dunha normativa de competencia estatal, pero cuos efectos dramáticos concretanse no ámbito municipal, posto que é aos concellos a donde se dirixen maioritariamente as persoas e familias afectadas en busca de axuda. Así, los concellos convírtense en doblamente perjudicados: en primeiro lugar porque se vulneran os dereitos fundamentais dos seus cidadáns; en segundo lugar, porque en pleno contexto de crise, cando os recursos son máis escasos que nunca, reciben peticións de axuda das persoas e familias empobrecidas.*

CONSIDERANDO *que a perda de vivenda priva o individuo ou a familia de toda residencia, e que, a súa vez, a ausencia de residencia esclúeos de toda vía administrativa, conlevando por elo a perda de dereitos, impedindo as persoas afectadas realizarse tanto profesional como familiarmente.*

CONSIDERANDO *que, como consecuencia do anterior, os desahucios -aínda máis cando sopoñen o mantemento dunha débeda en forma de condena financeira- conlevan altos niveis de inseguridade que desencadean a alteración do orden público e a paz social, e considerando que os concellos teñen o encargo de manter a seguridade e o orden no conxunto do territorio*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

municipal.

Por todo elo,

O Pleno Municipal do Concello de A Guarda, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- *Pedir o Goberno Central que, tal e como ven proponendo a Plataforma de Afectados pola Hipoteca e outras organización sociais, aprobé unha modificación da regulación hipotecaria que inclua a figura da dación, en pago, de maneira que, nos casos de residencia habitual, se o banco executa a hipoteca, a totalidade da débeda (principal, intereses e costas xudiciais) quede liquidada, tal e como acontece noutros países da Unión Europea e nos Estados Unidos.*

Segundo.- *Instar o Goberno a aprobar unha moratoria ou implementar as medidas necesarias para paralizar os desahucios das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. Para os miles de desahucios xa producidos, que se aproben con carácter de urgencia medidas destinadas a que os miles de pisos vacíos que están acumulando as entidades financeiras como consecuencia deses embargos sexan postos inmediatamente a disposición das familias desahuciadas e sen recursos en réxime de aluguer social, non superando nunca o 30% da renda familiar disponible.*

Terceiro.- *mais ala das medias de competencia estatal, estudar as medidas a emprender a nivel municipal para paralizar os desahucios, creando unha comisión mixta na que participen representantes dos grupos municipais e afectados e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática. O obxectivo principal de dita comisión será buscar alternativas que eviten os desahucios por motivos económicos. Nos casos que non sexa posible, garantir o realoxo digno das familias afectadas.*

Cuarto.- *Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, especialmente aos Ministerios de Economía e Xustiza, así como aos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Senado, así como tamén os grupos do Parlamento galego.*

A Guarda, a 27 de setembro do 2011”

(Regresa o señor Español Otero, 22:05 horas).

O señor Lomba Alonso di que o BNG está de acordo coa moción, se trata dunha iniciativa do BNG no Parlamento Español, rexeitada polo PP e polo PSOE. No punto terceiro non entende qué medidas pode adoptar o Concello para “*garantir o realoxo*”, pois o Concello tería que solucionar un problema que non xenera, e non sabe se existe esa posibilidade, se trata dun punto delicado, porque traslada a responsabilidade ó Concello.

Intervén o señor Rodríguez Amenedo e di que o 22 de marzo o PP facilitou coa súa maioría o logro dun acordo unánime do Parlamento galego para demandar ó goberno central as reformas legais precisas para garantir que a entrega do inmovible salve a débeda hipotecaria. Do que se trata é de salvar a situación de moitas familias e cidadáns que na actual coxuntura económica, por causas alleas á súa vontade e con clara intención de cumprir as súas obrigas, atopan dificultades para afrontar as súas débedas, e para manter a súa vivenda. Solicitan votar



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

a moción por puntos, porque están de acordo co primeiro e cuarto punto, pero consideran que non son quen para valorar os puntos segundo e terceiro.

O señor Español Otero di que o GMS está de acordo no fondo da moción, pero en relación co punto terceiro, poden existir problemas para asumir esa responsabilidade, pois non se pode cuantificar os casos que se van dar, é imposible sabelo, polo que piden a retirada do punto terceiro ou que se voten os puntos por separado.

A señora Estévez Álvarez di que, en relación co punto terceiro, o Concello sería unha terceira persoa non implicada para chegar a un acordo co afectado e con banco.

O señor Español Otero di que no Concello de Tui deuse un caso que saiu na prensa, todos se solidarizan, e di que o Concello da Guarda tratará de mediar cando se de un caso, pero o trato cos bancos é frío e a mediacións son difíciles.

A señora Estévez Álvarez di que pola mala narración dese punto da moción, retira o punto terceiro, e se votará todo xunto. A moción quedaría redactada como segue:

“MOCIÓN:

**INSTANDO O GOBERNO DO ESTADO A MODIFICALA LEI HIPOTECARIA CON FIN DE
REGULAR A DACIÓN EN PAGO E ADOPTALAS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITALOS
DESAHUCIOS POR MOTIVOS ECONÓMICOS**

VISTO que co estoupido da crise e o aumento do paro, centos de miles de familias teñen chegado a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas.

VISTO que según os datos do Consello Xeral do Poder Xudicial, soio entre 2007 e 2010 no Estado Español, téñense producido perto de 300.000 execucións bancarias, e que as previsións din que entre 2.011 e 2.012 podería chegarse a cifra de 500.000

VISTO que cando isto sucede, as familias non so enfréntanse a perda da súa vivenda senón tamén a unha condea financeira de por vida: a entidade bancaria interpon unha demanda e iniciase o proceso de execución hipotecaria que finaliza ca subasta do inmovible. Si a subasta queda deserta (cousa que no actual consenso de crise sucede en máis do 90% dos casos), ca lei vixente a entidade bancaria adxudícase a vivenda polo 50% do valor de tasación e sigue reclamando o pago da débeda restante, máis os intereses e costes xudiciais, as persoas en situación de insolvencia, mediante o embargo de nóminas, contas, etc., así como tamén o embargos aos avalistas. E decir, ademáis de perdela vivenda, miles de familias enfrontanse a unha condena financeira de por vida que se traduce nunha condea a exclusión social e a economía sumergida.

VISTO que esta legislación que permite que as entidades financeiras se adjudiquen as vivendas polo 50% do valor de tasación non so é anómala e non ten comparativa cas lexislacións doutros países do noso entorno, senón que edamais era descoñecida polas familias cando asinaron os contratos hipotecarios. Feito que se suma a publicidade enganosa ca que comercializaron a maioría desas hipotecas, a sobrevaloración ñas tasacións e a linguaxe de difícil comprensión utilizado nos contratos que agora se descubre que en moitos



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

casos escondía todo tipo de cláusulas abusivas, como é o caso das cláusulas do solo.

VISTO que consideramos inadmisibile e totalmente inxusto que nún estado social e democrático de dereito, todas as consecuencias da crise recallen sobre a parte máis vulnerable do contrato hipotecario e en cambio as entidades financeiras, en boa medida responsables da actual crise, reciban axudas millonarias que saen dos impostos, sin ter que asumir ningunha responsabilidade, o mesmo tempo que siguen xenerando miles de millóns de beneficios anuais.

CONSIDERANDO que Tololo aquí exposto vulnera o actual marco xurídico, posto que o dereito a vivenda é un mandato constitucional, especialmente recollido no artigo 47 da Constitución que di: "Tódolos españois teñen dereito a unha vivenda digna e axeitada. Os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito..."

Pero tamén no artigo 33, que limita claramente o dereito a propiedade privada o cumprimento da súa función social (e que a día de hoxe incumplense sistemáticamente nos pisos vacíos acumulados polos bancos e caixas), ou no artigo 24 que garante a tutela judicial (vulnerando nos procesos de execucións hipotecarias donde prodúcese clara indefensión)

Así como os compromisos xurídicos en materia de dereito a vivenda asunidos polo estado español o ratificar tratados internacionais vinculantes como son, entre outros, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (artigo 25) e o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (artigo 11), especialmente a partir da súa Observación Xeral nº 4 -que concreta o contido o dereito a unha vivenda axeitada- e a Observación Xeral nº 7 -que define os desaloxos forzosos como unha das principais vulneracións o dereito a vivenda-

CONSIDERANDO que Tololo aquí exposto depende basicamente dunha normativa de competencia estatal, pero cuos efectos dramáticos concretanse no ámbito municipal, posto que é aos concellos a donde se dirixen maioritariamente as persoas e familias afectadas en busca de axuda. Así, los concellos convírtense en dobremente perjudicados: en primeiro lugar porque se vulneran os dereitos fundamentais dos seus cidadáns; en segundo lugar, porque en pleno contexto de crise, cando os recursos son máis escasos que nunca, reciben peticións de axuda das persoas e familias empobrecidas.

CONSIDERANDO que a perda de vivenda priva o individuo ou a familia de toda residencia, e que, a súa vez, a ausencia de residencia esclúeos de toda vía administrativa, conlevando por elo a perda de dereitos, impedindo as persoas afectadas realizarse tanto profesional como familiarmente.

CONSIDERANDO que, como consecuencia do anterior, os desahucios -aínda máis cando sopoñen o mantemento dunha débeda en forma de condena financeira- conlevan altos niveis de inseguridade que desencadean a alteración do orden público e a paz social, e considerando que os concellos teñen o encargo de manter a seguridade e o orden no conxunto do territorio municipal.

Por todo elo,

O Pleno Municipal do Concello de A Guarda, adopta os seguintes acordos:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Primeiro.- Pedir o Goberno Central que, tal e como ven proponiendo a Plataforma de Afectados pola Hipoteca e outras organización sociais, aprobé unha modificación da regulación hipotecaria que inclua a figura da dación, en pago, de maneira que, nos casos de residencia habitual, se o banco executa a hipoteca, a totalidade da débeda (principal, intereses e costas xudiciais) quede liquidada, tal e como acontece noutros países da Unión Europea e nos Estados Unidos.

Segundo.- Instar o Goberno a aprobar unha moratoria ou implementar as medidas necesarias para paralizar os desahucios das familias en situación de insolvencia sobrevida e involuntaria. Para os miles de desahucios xa producidos, que se aproben con carácter de urgencia medidas destinadas a que os miles de pisos vacíos que están acumulando as entidades financeiras como consecuencia deses embargos sexan postos inmediatamente a disposición das familias desahuciadas e sen recursos en réxime de aluguer social, non superando nunca o 30% da renda familiar disponible.

Terceiro.- Dar traslado destes acordos ao Consello de Ministros, especialmente aos Ministerios de Economía e Xustiza, así como aos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Senado, así como tamén os grupos do Parlamento galego.

A Guarda, a 27 de setembro do 2.011"

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco abstencións).

R.E. Nº 6.636 DO BNG: SOBRE OS RECORTES DO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALICIA.

O señor Lomba Alonso da lectura da seguinte moción:

"MOCIÓN SOBRE OS RECORTES DO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALICIA

1- Exposición de motivos:

O Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais é un instrumento fundamental de cooperación entre os Concellos, a Xunta de Galiza e a Administración do Estado, por medio do cal se cofinancian os servizos sociais municipais e permiten garantir as prestacións básicas e a atención aos veciños e veciñas. O Plan Concertado cobre os custes seguintes:

- *Persoal dos servizos sociais.*
- *Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- *A prestación do servizo de Axuda no Fogar, incluíndo a prestación do servizo de Axuda no Fogar para persoas valoradas como dependentes e a prestación básica.*
- *A xestión e realización dos programas básicos de prevención, inserción, cooperación e fomento da solidariedade e outros destinados a intervencións comunitarias.*
- *Investimentos: adquisición, construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de equipamentos de servizos sociais.*

Nestes días están a chegar aos concellos as resolucións deste Plan, cun recorte drástico e inxustificado nas achegas da Xunta de Galiza relativas aos gastos anteriores englobados no Plan Concertado de Prestacións Sociais Básicas, no Programa de Servizos Sociais Comunitarios e no Plan de Desenvolvemento Xitano.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP, na Xunta de Galiza vén de suprimir e recortar as achegas que desenvolven servizos sociais básicos.

Este recorte ao Plan Concertado obriga aos concellos a facer fronte ás necesidades e programas contraídos este ano 2011 con fondos propios, o que vai afectar aos servizos sociais municipais, e ao que hai que engadir outra grave problemática: o retraio no pagamento das partidas asignadas e comprometidas. Hai que destacar que no mes de outubro os concellos aínda non recibiron da Xunta de Galiza as subvencións do Plan Concertado, cando os concellos veñen realizando o gasto desde o mes de xaneiro.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego, alén da incerteza do que vai pasar en 2012 e anos seguintes, deben resolver este tema de inmediato para asegurar e garantir os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que demanda e precisa, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite o seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestación básica e atención ás familias e colectivos con problemas.

2. Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos do ano 2012:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- *Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servizos Sociais Comunitarios.*
- *Atender así mesmo á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana e o Programa de Atención a Persoas sen Fogar, polo gran incremento sufrido.*
- *Restabelecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.*

3. *Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado.*

A Guarda, 31 de outubro de 2.011.”

O señor Lomba Alonso di que xa se tratou este tema anteriormente, coa proposta da Alcaldía, pide apoio.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que dan o visto bó ó punto terceiro, pero sabe que o BNG non aceptará a votación por puntos, polo que xa saben a súa postura.

O señor Español Otero di que apoiarán a moción, pois coincide coa proposta da Alcaldía xa tratada.

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco abstencións).

R.E. Nº 6.669 DO BNG: SOBRE AS POLITICAS DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

(Sae a señora Vicente Santiago, 22:20 horas).

“MOCIÓN RELATIVA ÁS POLÍTICAS DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. E a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade. poñendo de manifestó que falta moito camiño por andar até rematar completamente coa discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos déronse pasos importantes no eido legal, superando a visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e toda a sociedade.

O Parlamento de Caliza no ano 2007 deu un paso moi importante nesta dirección ao aprobar unha lei específica que trata integralmente todo o referente á violencia de xénero. A citada lei, por vez primeira, fai un tratamento da violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos económicos e sociais para as mulleres que se atopen unha situación de violencia machista e impon unha serie de obrigas para as administracións públicas de carácter tanto preventivo, como formativo e de asistencia ás vítimas. Mais hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que pretende incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo ademáis o compromiso firme de incremento dos recursos destinados na Caliza a loita contra a violencia de xénero.

Non obstante a día de hoxe, e a pesar das diversas peticións do BNG, o goberno do PP na Xunta de Galiza, non puxo en funcionamento os instrumentos legislativos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero. é máis. parece considerar prescindíbeis e superfluas a maior parte das accións preventivas e doutro tipo que se viñan poñendo en marcha nos últimos anos de cara á erradicación da violencia de xénero.

Entre as previsións pendentes de desenvolvemento na Lei está a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se dedican a esta finalidade. Xa no informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, se puna de manifestó a existencia ditiñ borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal de poner en funcionamento o Observatorio, e a pesar disto, a día de hoxe, non hai ningunha medida ao respecto.

Xa o pasado ano, no mes de novembro, con motivo do Día da Non Violencia Contra as Mulleres, punamos de manifestó esta cuestión, máis estes e outros aspectos do texto legal fican aínda por desenvolver. Existen ademáis mokas medidas que é necesario seguir a impulsar de xeito continuado para lograr que sexan eficaces. Por exemplo, ñas medidas de sensibilización social ou de formación das e dos profesionais que traballan en sectores relacionados, directa ou indirectamente, co tratamento de vítimas de violencia de xénero, cousa que non se está a facer. Non podemos permitir que se inclúan as políticas dirixidas á



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

loita contra a desigualdade entre mulleres e homes entre esas materias das que se pode prescindir coa escusa da austeridade, mentres os caitos públicos se seguen a malgastar en outros temas de moita menos relevancia. A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Pero se non chegara coa paralización do desenvolvemento da lei e das políticas destinadas á prevención, estamos asistindo ao desmantelamento das poucas estruturas básicas coas que a administración galega contaba neste ámbito, baste recordar a disolución realizada o ano pasado do Servizo Galego de Igualdade. Tamén se ve esta mesma tendencia na considerábel redución económica das partidas orzamentarias destinadas a sufragar o mantemento das medidas de prevención da violencia de xénero. .

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.

Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice á formación das e dos profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público cuestión tamén recollida na lei.

Dar traslado deste acordó ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

*Hortensia García Díaz
A Guarda, 2 de novembro de 2011"*

A señora García Díaz di que a día de hoxe xa son 54 vítimas mortais, e sinala que lle sorprende a falta de previsión do equipo de goberno, pois hoxe hai un acto organizado polo CIM e non lles dará tempo a chegar.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

(Regresa a señora Vicente Santiago, 22:24 horas).

A señora Iglesias Ferreira di que o Parlamento galego no ano 2007 deu un paso moi importante aprobando unha lei específica que trata íntegramente sobre a violencia de xénero. Pensa que son graves algunhas das afirmacións do argumentario da concelleira do BNG: en canto á disolución do servizo galego de igualdade, as súas tarefas se duplicaron co goberno bipartito, e a súa supresión non reduxo a atención ás mulleres, buscándose transparencia, eficacia e aforro, pois existían dúas unidades dedicadas ás mesmas funcións, o que non era operativo e creaba confusión entre os destinatarios. En relación coa creación do observatorio



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

galego de violencia de xénero, hai un mes foi debatido no Parlamento de Galicia, con todo o apoio dos grupos da cámara, aínda que este tema non está desatendido, pois xa existía un observatorio nacional, .e di que o BNG podía telo feito cando gobernaron. En relación ó centro de recuperación integral, o anterior goberno non se puxo de acordo cando gobernou, pero a día de hoxe a obra está licitada e adxudicada, ten todos os datos. En relación co punto segundo, a Secretaría Xeral de Igualdade en colaboración cos medios públicos de comunicación promove campañas de sensibilización anuais contra a violencia de xénero e realiza formación profesional específica na materia dirixida ós profesionais vinculados, tanto en atención ás mulleres, como ós nenos, pois o Partido Poular sempre fai referencia a esas outras vítimas da violencia de xénero como son os nenos, así como a persoal de servizos sociais ou atención sanitaria, psicólogos e persoal dos CIM. En canto á asistencia psicolóxica no ámbito sanitario público, trátase dunha competencia do SERGAS. Doutra banda, a Secretaría Xeral pon a disposición das vítimas de violencia de xénero un programa en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de atención psicolóxica que axude a afrontar a situación que sofren e facilitar a súa integración na sociedade, tanto das mulleres, como dos menores e dependentes.

A señora Magallanez Álvarez di que se vai referir ó caso da Guarda, onde a Xunta recortou a atención psicolóxica a menores. Di que votarán a favor da moción, pois se existe un problema na sociedade é o maltrato, todo o que se poidan facer é pouco, e en relación coa coincidencia da data entre o Pleno e o acto do CIM, é certo que hoxe é día de Pleno ordinario, pero consideraron facer o acto do CIM nesta data sinalada.

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

(Saen a señora Magallanes Álvarez e Vicente Baz, 22:30 horas).

R.E. Nº 6.703 DE CONVERXENCIA GALEGA: ACTUAL PROBLEMÁTICA DE CAIXA GALICIA.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

“En virtude do desposto no artigo 97.2 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, para a súa aprobación se procede a seguinte

M O C I O N: A ACTUAL PROBLEMÁTICA DA NOVA CAIXA GALICIA

Hai case dós séculos que as caixas de aforro están presentes na vida dos galegos. Estas institucións financeiras de carácter público, malia actuar con criterios de mercado a semellanza dún banco convencional, teñen unha finalidade social, xa que ao non ter



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

accionistas, os beneficios que non son reinvertidos Nela mesma son revertidos na sociedade a través da súa obra social.

Despois de diferentes fusionés e absorcións entre as caixas de diferentes cidades do país, poucos meses antes do comenzo do século XXI, a nosa terra contaba con dúas grandes caixas. Unha con máis presenza no norte e sede en A Coruña, Caixa Galicia, e outra Caixanova, con sede en Vigo e unha maior influencia ñas provincias de Ourense e Pontevedra.

Ambas caixas exercían daquela un sistema de banca tradicional baseado na confianza e na proximidade co cliente. Era un modelo se cadra algo arcaico e desfasado, pero un modelo que funcionaba e daba beneficios. Ate ese momento ambas caixas cumprían a súa función de ferramenta financeira colectiva pois estaban centradas fundamentalmente ñas pemes e particulares (históricamente as medianas e grandes empresas traballaban básicamente eos bancos) e foron decisivas na posta en marcha de proxectos empresariais vitais para o desenvolvemento económico do noso país: proxectos empresariais como Coren, Pescanova, R, Reganosa, Ence, varios asteleiros privados, numerosas adegas de vino...posiblemente nunca terían saído adiante sen o apoio das dúas caixas de aforro ao entrar éstas no seu accionariado ou apoiadas economicamente en momentos complicados.

Así mesmo, a Caixa de Aforros é fundamental no desenvolvemento económico e social de numerosos pequenos concellos na nosa terra ao ser a única entidade presente en máis de 80 municipios de Galicia.

Do mesmo xeito, socioculturalmente as caixas viñan xogando en papel fundamental a través das súas obras sociais. Aínda que o papel destas foi moitas veces criticable, ninguén pode negar o importante papel xogado coa creación de centros para maiores, centros de ensino e formación, actividades de apoio para os emprendedores ou coas actividades culturais das súas fundacións, entre outras moitas.

Sen embargo, desde aproximadamente unha década as caixas galegas deron unha viraxe de 180 graos na súa estratexia deixando de lado o modelo conservador que ate entón practicaban para apostar decididamente por un modelo de banca agresiva e especulador: ambas esqueceron o seu papel de caixas galegas para centrarse na "conquista" do mercado peninsular coa abertura de centos de oficinas no resto do Estado, fundamentalmente en Madrid e no Mediterráneo. Oficinas que tiñan como principal obxectivo financiar promocións inmobiliarias e hipotecas aos particulares que comprasen unha vivenda nestas zonas. Do mesmo xeito, boa parte dos vellos directivos foron substituídos por outros que nin eran galegos, nin lles importaba o carácter territorial das nosas caixas e que, inda por riba, ademais viñan procedentes de bancos comercialmente moi agresivos traendo consigo unha mentalidade económica case depredadora.

Debido a estas mudanzas a maioría dos aforros que os galegos depositamos ñas nosas caixas durante a última década, en vez de ter servido para financiar proxectos empresariais en Galicia ou para saciar as necesidades económicas dos particulares da nosa terra, foron destinados a financiar a barbullas inmobiliaria doutras zonas do Estado, sendo un especulativo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Do mesmo xeito, durante todo este tempo os directivos das caixas, co beneplácito da clase política galega, actuaron con total impunidade e mínima transparencia, dirixindo ambas entidades como se das súas empresas se trataran (e auto-asignarse uns salarios indecentes) cando na realidade non eran máis que uns meros administradores destas, xa que as caixas de aforro non teñen propietarios.

A chegada da crise financeira e o estoupido da barbulla inmobiliaria deixaron en evidencia a loucura cometida polas nosas caixas ao mudar radicalmente de modelo pasando de ser unhas entidades financeiras saneadas e solventes a ser provisionalmente nacionalizadas debido aos séus serios problemas económicos.

Ante esta crise e a imposibilidade de ambas continuar o seu camino en solitario, dende a Xunta de Galicia, co apoio dos demais grupos parlamentarios apostouse por unha fusión entre ambas entidades. O primeiro paso que o Goberno Autónomo deu foi encargar o pedido dunha auditoría (feita a medida) a compañía KPMG para xustificar a fusión. Poucos días despois o informe desta auditora sería unha nova caixa "galega" e "solvente"

A finais de 2.010, co visto bó do Banco de España e da Xunta de Galicia, Caixanova e Caixa Galicia facían oficial a súa fusión. Sen embargo, tras mudar varias veces o Banco de España as regras de xogo e os niveis mínimos de solvencia que as entidades financeiras tiñan que cumprir, a nova caixa galega pasou de ser unha entidade viable a ser unha caixa con serios problemas de solvencia. O que para o Banco de España era bó a finais de 2.010, poucos meses despois pasou a ser insostible, ponendo de manifestó que o regulador bancario actuou desde o principio de mala fé.

Tan serios son eses problemas de solvencia que a caixa galega tivo que ser bancarizada e nacionalizada provisionalmente, tras inxectar o Estado a través do FROB, 2.400 millóns de euros. A proba de que o Banco de España actuou de mala fé desde o principio é o feito de que taxara o valor da entidade galega nesta reestructuración en apenas 180 millóns de euros, unha cifra irrisoria se temos en conta que a N.C.G. xestiona case o 50% dos aforros dos galegos/as e só os inmobles e os locais das oficinas da caixa teñen moitísimo máis valor. Do mesmo xeito, todo parece indicar que en todo este proceso houbo unha clara intencionalidade política por parte do ente regulador central por centralizar todo en Madrid, todos os centros de decisión das novas caixas de aforro saídas dos diferentes procesos de fusión, xa que coa excepción das caixas catalanas e vascas (veremos se a galega tamén) todas terán as súas sedes na capital de España.

Ao estar a caixa baixo o control do Banco de España, agora éste pode véndela a prezo de saldo o mellor postor ou mesmo esnaquizala en pequenos anacos e véndelos por separado a outras entidades.

Ante esta situación:

*** A nos aterra pode quedar, dende o punto de vista económico-político, nunha situación de indefensión total ao quedar sen o séu principal brazo financeiro, vital para impulsar actuacións e negocios estratégicos no país (como no séu día foron o cable, o gas ou a electricidade).*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

*** Os nosos pequenos e medianos empresarios poden quedar se a súa principal ferramenta financeira, xa que a caixa galega tina, debido a súa responsabilidade territorial, a obriga moral de facilitarles liquidez.*

*** Moitos pequenos concellos de Galicia poden quedar sen a única oficina bancaria que tiñan, quedando nunha situación precaria financeira e administrativamente falando.*

*** A Obra Social da que se benefician milleiros de persoas pode quedar desmantelada, coas gravísimas consecuencias sociais que isto implicaría.*

*** Os servicios centrais en Galicia poderían ser desmantelados e levados a outra parte, perdendo a nosa terra o seu máis importante centro de decisión de poder.*

Por todo isto, dende o Grupo Municipal de Convergencia Galega, instamos ao Pleno do Concello de A Guarda a adopción dos seguintes ACORDOS:

A).- Instar a Xunta de Galicia a que inicie unha investigación das accións tomadas na última década polos directivos de ámbalas dúas caixas e, no caso de detectar irregularidades, persóese xudicialmente contra estes.

B).- Instar a Xunta de Galicia a esixir aos directivos saíntes das caixas a que devolvan as indemnizacións millonarias que estes recibiron dunha maneira inmediata e, no caso de non facelo, emprender accións xudiciais contra estes.

C).- Solicitar a dimisión do actual Gobernador do Banco de España, Miguel Ángel Fernández Ordóñez, pola súa nefasta actuación no proceso de fusión das dúas caixas galegas.

E).- Instar a Xunta de Galicia a esixir a nova entidade que continúe a fluir o crédito entre os particulares e pemes do país.

F).- Instar a Xunta a ter unha maior implicación a hora de buscar investidores privados galegos para a nova entidade galega e así garantir a galegitude desta.

G).- Que na nosa localidade, o ser eliminada unha das oficinas de atención o público, solicitar que na nova axencia, se preste servizos polas tardes a fin de non restar a efectividade e operatividade aos clientes locais

A Guarda, 28 de outubro 2.011

Beatriz Estévez Álvarez

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de A Guarda"

(Regresan a señora Magallanes Álvarez e Vicente Baz, 22:33 horas).

Intervén o señor Lomba Alonso e di que xa non é "Novacaixagalicia", senón "Novagalicia Banco". Solicita que sexan aceptadas dúas enmendas: en primeiro lugar, debe



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

facerse unha Comisión de Investigación para dirimir responsabilidades políticas; en segundo lugar, instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno español a modificación do marco legal do FROB para facer posible a aplicación do artigo 55 para que a Xunta poida exercer os seus dereitos de participación do capital de NGCBanco e adquirir participación maioritaria no mesmo. Isto supón que se posibilite á Xunta de Galiza a adquirir como mínimo un 51% do banco, e asegurar que os aforros dos galegos e galegas queden na nosa terra para facer o traballo que viña facendo e polo que o BNG apostou pola fusión. O seguinte punto sería non vender a participación do Estado no FROB a entidades ou fondos de investimento foráneos. Se son aceptadas estas enmendas, votarán a favor.

O señor Rodríguez Amenedo di que a moción non se axusta á realidade actual, pois a entidade hoxe é un auténtico banco; a Xunta pode instar e pedir, pero funciona *de facto como* un banco. Sinala que o 26 de outubro o Parlamento Galego demandou a anulación das indemnizacións ós ex-directivos das Caixas Galegas. Entende que o señor Ordóñez entrou apoiado unilateralmente polo PSOE, polo que se vai marchar só, non será necesario pedir que se vaia e pensa que habería que instar a tódolos demais bancos a apostar polo pobo galego. Dende a Xunta se fixo un viaxe a México para buscar inversores e non se conseguiu nada, pois as grandes fortunas non deron o seu apoio. En relación co cambio de horario, non é un asunto de competencia do Pleno, a empresa xestiona os seus horarios como lle parece, se ben polas tardes non hai moita afluencia, e cada empresa decide como ofrecer os seus servicios. Por todo isto o PP cre que debera retirarse a moción, e en caso contrario, se absterán.

Intervén o señor Español Otero e di que o señor Ordóñez se vai seguro, e lle parece desacertado que sexa o señor Rodríguez Amenedo o que interveña nunha moción que lle ataíña, pois fixo un argumentario de "*barrer para casa*". Votarán a favor da moción.

A señora Estévez Álvarez di, en relación cos puntos 1 e 2, o artigo 31 do Código Penal non prevé que os inspectores do Banco de España e o seu Presidente podan responder a pesar da súa incompetencia e sinala que hoxe saíu unha noticia na prensa, sobre que é o banco con máis consultores deste momento. Non ten claras as enmendas do BNG, pide que se lle aclaren.

O señor Lomba Alonso di que deberían pedir a creación dunha Comisión de investigación política, que aclare as responsabilidades políticas que houbo en todo o proceso, e instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno español a modificación do marco legal do FROB para facer posible a aplicación do artigo 55 para que a Xunta poida exercer os seus dereitos de participación do capital de NGCBanco e adquirir participación maioritaria no mesmo. E non vender a participación do Estado no FROB a entidades ou fondos de investimento foráneos.

O señor Rodríguez Amenedo di que parece que o pastel xa está repartido, contestando o señor Lomba Alonso que aínda non está asinado.

A señora Estévez Álvarez admite as enmendas, polo que a moción quedaría redactada como segue:

R.E. Nº 6.703 DE CONVERXENCIA GALEGA: ACTUAL PROBLEMÁTICA DE CAIXA GALICIA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

“En virtude do desposto no artigo 97.2 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locáis, para a súa aprobación se procede a seguinte

M O C I O N: A ACTUAL PROBLEMÁTICA DA NOVA CAIXA GALICIA

Hai case dous séculos que as caixas de aforro están presentes na vida dos galegos. Estas institucións financeiras de carácter público, malia actuar con criterios de mercado a semellanza dún banco convencional, teñen unha finalidade social, xa que ao non ter accionistas, os beneficios que non son reinvertidos Nela mesma son revertidos na sociedade a través da súa obra social.

Despois de diferentes fusións e absorcións entre as caixas de diferentes cidades do país, poucos meses antes do comenzo do século XXI, a nosa terra contaba con dúas grandes caixas. Unha con máis presenza no norte e sede en A Coruña, Caixa Galicia, e outra Caixanova, con sede en Vigo e unha maior influencia ñas provincias dee Ourense e Pontevedra.

Ambas caixas exercían daquela un sistema de banca tradicional baseado na confianza e na proximidade co cliente. Era un modelo se cadra algo arcaico e desfasado, pero un modelo que funcionaba e daba beneficios. Ate ese momento ambas caixas cumprían a súa función de ferramenta finaacieira colectiva pois estaban centradas fundamentalmente ñas pemes e particulares (históricamente as medianas e grandes empresas traballaban básicamente eos bancos) e foron decisivas na posta en marcha de proxectos empresariais vitáis para o desenvolvemento económico do noso país: proxectos empresariais como Coren, Pescanova, R, Reganosa, Ence, varios asteleiros privados, numerosas adegas de vino...posiblemente nunca terían saído adiante sen o apoio das dúas caixas de aforro ao entrar éstas no séu accionariado ou apoiálas economicamente en momentos complicados.

Así mesmo, a Caixa de Aforros é fundamental no desenvolvemento económico e social de numerosos pequenos concellos na nosa terra ao ser a única entidade presente en máis de 80 municipios de Galicia.

Do mesmo xeito, socioculturalmente as caixas viñan xogando en papel fundamental a través das súas obras sociais. Aínda que o papel destas foi moitas veces criticable, ninguén pode negar o importante papel xogado coa creación de centros para maiores, centros de ensino e formación, actividades de apoio para os emprendedores ou coas actividades culturais das súas fundacións, entre outras moitas.

Sen embargo, desde aproximadamente unha década as caixas galegas deron unha viraxe de 180 graos na súa estratexia deixando de lado o modelo conservador que ate entón practicaban para apostar decididamente por un modelo de banca agresiva e especulador: ambas esqueceron o seu papel de caixas galegas para centrarse na "conquista" do mercado peninsular coa abertura de centos de oficinas no resto do Estado, fundamentalmente en Madrid e no Mediterráneo. Oficinas que tiñan como principal obxectivo financiar promocións



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

inmobiliarias e hipotecas aos particulares que comprasen unha vivenda nestas zonas. Do mesmo xeito, boa parte dos vellos directivos foron substituídos por outros que nin eran galegos, nin lles importaba o carácter territorial das nosas caixas e que, inda por riba, ademais viñan procedentes de bancos comercialmente moi agresivos traendo consigo unha mentalidade económica case depredadora.

Debido a estas mudanzas a maioría dos aforros que os galegos depositamos ñas nosas caixas durante a última década, en vez de ter servido para financiar proxectos empresariais en Galicia ou para saciar as necesidades económicas dos particulares da nosa terra, foron destinados a financiar a barbullas inmobiliaria doutras zonas do Estado, sendo ui especulativo.

Do mesmo xeito, durante todo este tempo os directivos das caixas, co beneplácito da clase política galega, actuaron con total impunidad e mínima transparencia, dirixindo ambas entidades como se das súas empresas se trataran (e auto-asignarse uns salarios indecentes) cando na realidade non eran máis que uns meros administradores destas, xa que as caixas de aforro non teñen propietarios.

A chegada da crise financeira e o estoupido da barbullas inmobiliaria deixaron en evidencia a loucura cometida polas nosas caixas ao mudar radicalmente de modelo pasando de ser unhas entidades financeiras saneadas e solventes a ser provisionalmente nacionalizadas debido aos séus serios problemas económicos.

Ante esta crise e a imposibilidade de ambas continuar o seu camino en solitario, dende a Xunta de Galicia, co apoio dos demais grupos parlamentarios apostouse por unha fusión entre ambas entidades. O primeiro paso que o Goberno Autónomo deu foi encargar o pedido dunha auditoría (feita a medida) a compañía KPMG para xustificar a fusión. Poucos días despois o informe desta auditora sería unha nova caixa "galega" e "solvente"

A finais de 2.010, co visto bó do Banco de España e da Xunta de Galicia, Caixanova e Caixa Galicia facían oficial a súa fusión. Sen embargo, tras mudar varias veces o Banco de España as regras de xogo e os niveis mínimos de solvencia que as entidades financeiras tiñan que cumprir, a nova caixa galega pasou de ser unha entidade viable a ser unha caixa con serios problemas de solvencia. O que para o Banco de España era bó a finais de 2.010, poucos meses despois pasou a ser insostible, ponendo de manifestó que o regulador bancario actuou desde o principio de mala fé.

Tan serios son eses problemas de solvencia que a caixa galega tivo que ser bancarizada e nacionalizada provisionalmente, tras inxectar o Estado a través do FROB, 2.400 millóns de euros. A proba de que o Banco de España actuou de mala fé desde o principio é o feito de que taxara o valor da entidade galega nesta reestructuración en apenas 180 millóns de euros, unha cifra irrisoria se temos en conta que a N.C.G. xestiona case o 50% dos aforros dos galegos/as e só os inmobles e os locais das oficinas da caixa teñen moitísimo máis valor. Do mesmo xeito, todo parece indicar que en todo este proceso houbo unha clara intencionalidade política por parte do ente regulador central por centralizar todo en Madrid, todos os centros de decisión das novas caixas de aforro saídas dos diferentes procesos de fusión, xa que coa excepción das caixas catalanas e vascas (veremos se a galega tamén) todas terán as súas sedes na capital de España.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ao estar a caixa baixo o control do Banco de España, agora éste pode véndela a prezo de saldo o mellor postor ou mesmo esnaquizala en pequenos anacos e véndelos por separado a outras entidades.

Ante esta situación:

*** A nos aterra pode quedar, dende o punto de vista económico-político, nunha situación de indefensión total ao quedar sen o seu principal brazo financeiro, vital para impulsar actuacións e negocios estratégicos no país (como no seu día foron o cable, o gas ou a electricidade).*

*** Os nosos pequenos e medianos empresarios poden quedar se a súa principal ferramenta financeira, xa que a caixa galega tina, debido a súa responsabilidade territorial, a obriga moral de facilitarlles liquidez.*

*** Moitos pequenos concellos de Galicia poden quedar sen a única oficina bancaria que tiñan, quedando nunha situación precaria financeira e administrativamente falando.*

*** A Obra Social da que se benefician milleiros de persoas pode quedar desmantelada, coas gravísimas consecuencias sociais que isto implicaría.*

*** Os servicios centrais en Galicia poderían ser desmantelados e levados a outra parte, perdendo a nosa terra o seu máis importante centro de decisión de poder.*

Por todo isto, dende o Grupo Municipal de Convergencia Galega, instamos ao Pleno do Concello de A Guarda a adopción dos seguintes ACORDOS:

A).- Instar a Xunta de Galicia a que inicie unha investigación das accións tomadas na última década polos directivos de ámbalas dúas caixas e, no caso de detectar irregularidades, persóese xudicialmente contra estes.

B).- Instar a Xunta de Galicia a esixir aos directivos saíntes das caixas a que devolvan as indemnizacións millonarias que estes recibiron dunha maneira inmediata e, no caso de non facelo, emprender accións xudiciais contra estes.

C).- Solicitar a dimisión do actual Gobernador do Banco de España, Miguel Ángel Fernández Ordóñez, pola súa nefasta actuación no proceso de fusión das dúas caixas galegas.

E).- Instar a Xunta de Galicia a esixir a nova entidade que continúe a fluir o crédito entre os particulares e pemes do país.

F).- Instar a Xunta a ter unha maior implicación a hora de buscar investidores privados galegos para a nova entidade galega e así garantir a galeguidade desta.

G).- Que na nosa localidade, o ser eliminada unha das oficinas de atención o público, solicitar que na nova axencia, se preste servicios polas tardes a fin de non restar a efectividade e operatividade eos clientes locais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

H).- *Instar a que sexa creada unha Comisión de Investigación para dirimir responsabilidades políticas;*

I).- *Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno español a modificación do marco legal do FROB para facer posible a aplicación do artigo 55 para que a Xunta poida exercer os seus dereitos de participación do capital de NGCBanco e adquirir participación maioritaria no mesmo. Isto supón que se posibilite á Xunta de Galiza a adquirir como mínimo un 51% do banco, e asegurar que os aforros dos galegos e galegas queden na nosa terra para facer o traballo que viña facendo e polo que o BNG apostou pola fusión.*

J).- *Non vender a participación do Estado no FROB a entidades ou fondos de investimento foráneos."*

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco abstencións).

R.E. Nº 6.974 DO PP: CREACION DUNHA COMISIÓN PARA A BÚSQUEDA DUNHA MELLOR UBICACIÓN Ó MERCADILLO SEMANAL DA GUARDA.

O señor Fontenla Martínez da conta da seguinte moción:

"MOCION: CREACIÓN DE UNA COMISIÓN PARA LA BUSQUEDA DE UNA MEJOR UBICACIÓN AL MERCADILLO SEMANAL DE A GUARDA

Desde el inicio de las obras de la Alameda del Siglo XXI se realizó, de forma en un primer momento temporal, el cambio de ubicación del mercadillo del sábado a la calle Coruña, una vez finalizadas las obras se optó, a pesar de las reiteradas quejas de los vecino, por mantener esa ubicación de forma según anunció el propio equipo de gobierno "indefinida y permanente".

Ante la preocupación de los vecinos, y los distintos problemas que después nombraremos, el Grupo Municipal Popular preguntó en varias ocasiones por el futuro de esta actividad, siendo siempre la respuesta por parte del Grupo de Gobierno que se mantendría la actual.

El Grupo Municipal del Partido Popular considera necesario buscar una mejor ubicación para este mercadillo Semanal de los Sábados, amparándose en las siguientes razones:

1. *Quejas y malestar entre los vecinos de la Calle Coruña por los diferentes contratiempos e incomodidades que les causan, inclusive las pérdidas del disfrute de servicios por los que pagan religiosamente al Concello Guardés.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2. *Dificultades de tráfico y aparcamiento al bloquear o entorpecer las salidas y entradas a la zona de aparcamiento conocida como Finca de Fínola, considerando también que en muchos de los casos se produce un riesgo evidente para los muchos peatones y usuarios del mercadillo que por allí transitan.*

3. *Perdida de actividad y visibilidad del mismo al quedar relegado a una zona escondida en la que las personas de paso que no conocen su ubicación tiene más complicado su conocimiento y visión del mismo.*

4. *Buscar además su uso como agente potenciador y dinamizador del Comercio y la Hostelería Local.*

Por todo ello, el grupo municipal del PP, propone al pleno:

La creación de una comisión o mesa de trabajo multidisciplinar en la que no sólo estén presentes los grupos políticos, sino que también Asociaciones de Comerciantes, representantes de los vecinos, representantes de los Vendedores, responsables del tráfico y toda aquella persona que se considere desde el Concello capacitada para buscar una Ubicación optima para el mercadillo que de solución a todos y cada uno de los problemas anteriormente indicados.

A Guarda, a 15 Noviembre 2011

*Fátima Iglesias Ferreira
Portavoz"*

O señor Fontenla Martínez di que a actual ubicación do mercadillo non é a mellor. Preguntaron ó equipo de goberno e se lles contestou que se ía manter, pero entende que cando un veciño ten un problema, o Concello debe darlle solución. Explica que existe risco cando cruzan os peóns, e cando os coches pasan pola rampa existente, non hai visibilidade, e pensa que deberían buscar formas de atraer á xente, posto que o mercadillo debe ser unha ferramenta dinamizadora do comercio local. Di que eles teñen unha idea, polo que propón reunirse e buscar solucións ós catro puntos plantexados, creando unha Comisión para resolver o problema.

A señora Estévez Álvarez pregunta se teñen pensada unha alternativa, contestando o señor Fontenla Martínez que sí, e esperan que os demais tamén.

Intervén a señora García Díaz e di que votarán a favor, e pregunta se estarían representados os veciños e o Concello, respondendo o señor Fontenla Martínez que pensa que deberían estar representados os veciños das ubicacións que se propoñan e o equipo de goberno.

O señor Español Otero di que calquera equipo de goberno ten responsabilidades, e eles dende o principio trataron de exercelas. Cre que a moción parte dunha afirmación que non é real, pois cando se reformou a Alameda o traslado do mercadillo se fixo con carácter permanente, e cando lles preguntaron sobre o asunto, sempre dixeron que se mantería a ubicación actual. Non van apoiar a creación dunha Comisión, son conscientes de que se



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ubique onde se ubique xerará problemas ós veciños. Comparten que é dinamizador da economía municipal, pero sempre haberá veciños lexitimamente perxudicados. É un deber da oposición plantexar alternativas, están abertos a escoitalas, e se hai unha ubicación que sexa mellor para o conxunto da cidadanía, a aceptarán, pero non necesitan crear unha Comisión. O mercadillo foi ubicado na rúa Coruña porque despois de moitas consultas entenderon que era a mellor solución. Non teñen coñecemento deses problemas, nin a Policía o ten manifestado. Di que para o persoal de limpeza é máis fácil recoller, pois antes na Alameda había queixas, e se chegou a suspender o mercadillo un día pola situación que se xerou. Pide ó PP que presente unha moción, e existen dous foros para debatila, a Comisión de Asuntos Plenarios e o propio Pleno. Sabe que os comerciantes prefiren a Alameda, pero deben defender o interese xeral, e insiste en que están abertos a estudar propostas.

O señor Fontenla Martínez di que lles parece unha pena, pois se crean Comisións para temas moitos menos importantes, e pensa que se conseguiría unha mellor solución con máis colectivos implicados, pois só meter ós grupos políticos na resolución do problema non lles parece axeitado. Di que pensan que hai alternativa que limita as incomodidades, mellora a visualización do mercadillo e potenciaría unha zona da Guarda, e resulta factible. Ademais sería unha Comisión sen custe, ninguén cobraía por estar nela.

Intervén o señor Lomba Alonso e pide ó señor Fontenla Martínez que retire ese último comentario, pois parece que van ás Comisións por cobrar, respondendo o señor Fontenla Martínez que o retira, só era unha apreciación.

O señor Español Otero di que el non cobraría en ningún caso, pero está claro que esas Comisións non se cobrarían. Di que o PP parte de que hai un grave problema, que para o equipo de goberno non existe, pois non lles consta, as dificultades son as normais neste tipo de actividades e instalacións. Di que el leva 25 anos de concelleiro e o PP nunca creou unha Comisión.

O señor Fontenla Martínez di que presentarán unha moción, aínda que se o equipo de goberno non considera que xista un problema, igual non serve de nada.

Intervén o señor Alcalde e di que xa existen foros no Concello para debatir este asunto.

Sometida a votación a moción, acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso e García Díaz (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (sete votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).

Existindo un empate, o señor Alcalde fai uso do seu voto de calidade, polo que a moción non prospera.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

R.E. Nº 7.009 DE CONVERXENCIA GALEGA: PROPOSTA DE REORDENACIÓN DO TRÁFICO NA GUARDA.

A señora Estévez Álvarez da lectura da seguinte moción:

” PROPOSTA DE REORDENACIÓN DO TRÁFICO NA CRUZADA.

A rúa Circunvalación é o principal vial que armella a comunicación do barrio da cruzada, hoxe é unha gran avenida, ben trazada, ancha,... pero desgraciadamente é mal usada por algúns condutores que non respetan ós límites de velocidades inalados, poñendo en perigo a vida dos vecinos, lembrand que nesta avenida hai dúas paradas de autobuses escolares, e que algún vecino xa leva varias sorpresas de atoparse un vehículo accidentado dentro da súa propiedade.

Sabemos que as rúas da Cruzada son en gran medida dunha anchura inferior ós dous metros, e aínda así moitas destas rúas son de dobre sentido de circulación, o cal non é operativo, pero sobre todo son un risco para a seguridade vial. O actual uso maioritario que os vecinos fan destas rúas ó incorporarse á rúa Circunvalación non é correcto e sobre todo xera situacións moi perigosas.

Por exemplo, ó subir pola rúa Baixada a San Caetano, esta ten moita pendente e a maioría dos vehículos rematan por facer o "STOP" de incorpaoración xa dentro do carril da rúa Circunvalación, obrigando ós vehículos que circulan a facer unha manobra brusca para esquivalos ou cederlles o paso para non impactarlles.

Outro exemplo, moitos vecinos suben á zona da fonte da Cal no medio da recta que ten Circunvalación (zona do palomar), para logo baixar e incorporarse ó final da recta da Cruzada, de tal xeito que están na zona interior dunha curva sen visibilidade dos coches que venen de Camposancos nin dos que venen do Centro.

PROPOMOS A TOMA DOS SEGUINTES ACORDOS:

1º. Facer un realce no paso de peóns que hai no Pírún (n2 50 de Circunvalación), para aminora-la velocidade dos vehículos que venen de Camposancos en dirección o centro de A Guarda e facer outro no final da Cruzada (Como se suxerimos na imaxen).

2º. Que a rúa Baixada a San Caetano sexa dun só sentido: baixada. Habilitando ó lado esq?rdo para estacionamento, tal como hoxe fan os vecinos.

3º. A rúa San Caetano dende a intersección coa Baixada a San Caetano, que teña un só sentido: circular dirección sur ata o final da Cruzada, incorporarse a Circunvalación no final da recta da Cruzada; pois nesta zona hai unha ampla visibilidade de toda a recta da Cruzada e de boa parte da estrada que ven de Camposancos, (Como aparece na imaxen).

4ª. Zona da Fonte da Cal. Darlle un só sentido, acceso polo final da Cruzada, perto do remate desta rúa; e logo a incorporación a Circunvalación baixando cara ó Palomar; así os vehículos incorporanse no medio da recta da Cruzada, teñen unha boa visibilidade, ademáis



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

hai un paso de peóns realizado que obriga a aminora-la velocidade (Como sinalamos na imaxen).

*A Guarda, a 17 de novembro de 2011
Sr. Alcalde-Presidente
Beatriz Estévez Álvarez”*

O señor Lomba Alonso pide que se aclare o tema dos pasos de peóns alteados, na Comisión de Asuntos Plenarios xurdiu o tema da competencia e titularidade da estrada. Di que lle xeran dúbidas estas solucións propostas, e pregunta qué pasa coa recta de Circunvalación, para a xente que queira ir á Cal. Anima a deixar a moción sobre a mesa, que sexa analizada polo equipo de goberno e contrastada coa Policía Local, e co compromiso do equipo de goberno de dar unha resposta á mesma.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que o PP está de acordo en levar a cabo unha reordenación do tráfico, os veciños se queixan deste tema, sobre todo na zona da Cal, pero o conxunto das modificacións deberían facerse dun modo global, e habería que facer un Plan de tráfico integral, non só nesta zona, senón noutras moitas do pobo.

O señor Español Otero di que o equipo de goberno é consciente das dificultades de tráfico na Cal, sobre todo en certas épocas do ano pola maior afluencia de coches e visitantes, pero hai afirmacións da señora Iglesias Ferreira, sobre as protestas da Cal, que efectivamente existen, pero no sentido contrario a esta moción. Non va apoiar parte desta moción, e da lectura a un escrito presentado por trinta veciños da Cal, no que manifestan que non está de acordo con poñer a rúa dun só sentido, nin prohibir a entrada pola fonte da Cal, pola orientación dos portais cara ó norte, pola dificultade de paso de camións, e piden que a dirección de entrada sexa pola fonte da Cal. Pide que se deixe sobre a mesa a moción, pois atopan dificultades para aplicar o proposto. Están abertos a propostas, nun futuro, cando teñan clara a reordenación do tráfico, e se lle dará a Convergencia Galega a importancia que se lle debe, no caso de que finalmente decidan facelo así. En relación co punto primeiro, esa vía foi transferida ó Concello hai uns anos, e non habería trabas nese punto, cando as arcas do Concello o permitan. Convidan a retirar a moción, e sinala que o paso elevado se vai facer igual.

A señora Estévez Álvarez di que retira os puntos 2, 3 e 4 da moción, pero mantén o punto primeiro.

O señor Alcalde aclara que a secretaria municipal advertiu que a competencia sobre tráfico non corresponde ó Pleno, senón que é do Alcalde e do Concelleiro de tráfico, polo que o pleno só podería “instar” a realizar as actuacións, pois o acordo carecería de validez, polo que por parte da señora Estévez Álvarez se acepta someter a votación a moción como segue:

” PROPOSTA DE REORDENACIÓN DO TRÁFICO NA CRUZADA.

A rúa Circunvalación é o principal vial que armella a comunicación do barrio da cruzada, hoxe é unha gran avenida, ben trazada, ancha,... pero desgraciadamente é mal usada por algúns condutores que non respetan ós límites de velocidades inalados, poñendo en perigo a vida dos veciños, lembrand que nesta avenida hai dúas paradas de autobuses escolares, e que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

algún vecino xa leva varias sorpresas de atoparse un vehículo accidentado dentro da súa propiedade.

Sabemos que as rúas da Cruzada son en gran medida dunha anchura inferior ós dous metros, e aínda así moitas destas rúas son de dobre sentido de circulación, o cal non é operativo, pero sobre todo son un risco para a seguridade vial. O actual uso maioritario que os vecinos fan destas rúas ó incorporarse á rúa Circunvalación non é correcto e sobre todo xera situacións moi perigosas.

Por exemplo, ó subir pola rúa Baixada a San Caetano, esta ten moita pendente e a maioría dos vehículos rematan por facer o "STOP" de incorpaoración xa dentro do carril da rúa Circunvalación, obrigando ós vehículos que circulan a facer unha manobra brusca para esquivalos ou cederlles o paso para non impactarlles.

Outro exemplo, moitos vecinos suben á zona da fonte da Cal no medio da recta que ten Circunvalación (zona do palomar), para logo baixar e incorporarse ó final da recta da Cruzada, de tal xeito que están na zona interior dunha curva ser visíbilidade dos coches que venen de Camposancos nin dos que venen do Centro.

PROPOMOS A TOMA DO SEGUINTE ACORDO:

Instar ó señor Alcalde e ó concelleiro de tráfico a facer un realce no paso de peóns que hai no Pírún (n2 50 de Circunvalación), para aminora-la velocidade dos vehículos que venen de Camposancos en dirección o centro de A Guarda e facer outro no final da Cruzada (Como se suxerimos na imaxen)."

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

R.E. Nº 7.059 DO BNG: SOBRE A SEGURIDADE VIAL NO IES A SANGRIÑA.

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

"MOCIÓN SOBRE A SEGURIDADE VIAL NO ACCESO AO IES "A SANGRIÑA"

1 - Exposición de motivos:

É de todos e todas coñecido que o I.E.S. "A Sangriña" na Guarda concentra un gran número de alumnos-as, docentes e persoal laboral que asisten ao mesmo nun horario concreto e que adoita coincidir con horas puntas. Isto supón que sexa un sitio conflictivo no que ao tráfico rodado e peonil se refire coa conseguinte falta de seguridade vial. O problema é maior os días nos que coinciden os horarios do centro educativo cos das actividades deportivas que teñen lugar no campo de fútbol municipal, moi próximo ao devandito centro.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Aínda que os problemas de tráfico son inherentes a un centro destas características tamén son predicíbeis por todas as deficiencias que presenta o acceso ao mesmo.

Está en mans das administracións públicas facer o maior esforzo posíbel para garantir a seguridade de todos os que frecuentan esta contorna, en especial a dos estudantes, que na maioría dos casos son viandantes.

2 - Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

Que se adopten as medidas necesarias ,con carácter de urxencia, para garantir a seguridade vial no entorno do I.E.S. "A Sangriña" na Guarda."

A señora Estévez Álvarez di que están de acordo en que se deben tomara medidas, sobre todo en relación coa velocidade.

O señor Fontenla Martínez di que é necesario, e supoñen que xa se están tomando medidas.

Intervén o señor Español Otero e di que votarán a favor. Trátase dunha zona conflictiva, dende sempre. Dende o ano 2008 non deixaron de reiterar a existencia deses problemas e buscar solucións. Esa estrada non é municipal, deben reducir a velocidade e poñer pasos de peóns elevados, pero a Xunta non está pola labor nas estradas da súa competencia pois considera que non se deben facer. Dende o Concello se lles dixo que lles deixaran facelo, incluso a costa do erario municipal, pero non o autorizaron. Tratarase de que os pasos sexan executados pola Xunta, e se vai dotar de maior iluminación ós pasos de peóns. Di que hai outro problema coa rotonda, deberían facer unha campaña de concienciación do país.

A señora García Díaz pide que a moción sexa enviada á Xunta de Galicia.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (quinze votos a favor).

A continuación sométese a debate a **moción presentada por vía de urxencia polo BNG**, co texto seguinte:

"MOCIÓN TARXETA SANITARIA

1 - Exposición de motivos:

O día 9 de setembro de 2011 a Consellaría de Sanidade da Xunta de Galiza publicou no Diario Oficial unha orde na que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes e para as persoas desempregadas. Posteriormente remitiu aos centros de saúde un Protocolo de traballo para a posta en marcha da devandita Orde.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Neste protocolo indícase: **“Dende a entrada en vigor da Orde as persoas sen recursos que soliciten teñen dereito á atención de urxencias e emerxencias, polo que, ante á solicitude dunha atención urxente é necesario dar unha alta rápida no aplicativo con documentación acreditativa "PRIVADO", previa busca do cidadán na aplicación, sempre se lles entregará o modelo de compromiso de pago para que o asinen, escribindo a man (mentres non estea preparado o modelo na aplicación) o seguinte texto: Persoas sen recursos económicos suficientes en tramitación. Só asistencia urxencia/emergencia.”**

Segundo se indica no texto literal reproducido, as persoas afectadas só teñen dereito, previo compromiso de pago, á atención de urxencias e emerxencias, é dicir, perden o dereito á sanidade pública universal, fican sen médico/a de cabeceira, sen probas diagnósticas nin especialistas, non teñen, en definitiva, asistencia sanitaria completa. Estas persoas quedan tamén sen a asistencia farmacéutica até que volvan a ter todos os papeis en regra para volver estar de alta.

O proceso de clasificación das persoas afectadas nunha nova categoría non pode conlevar a desactivación dos seus dereitos sanitarios e menos sen recibir información por parte do Goberno galego do que está a suceder.

Todas as persoas afectadas terán a obriga de solicitar unha tarxeta de persoas sen recursos mais esa solicitude pode tardar en aprobarse entre oito e dez meses, polo que durante todo ese tempo permanecerán sen asistencia gratuíta

Esta orde está totalmente inxustificada, é inhumana e desoladora, xa que vulnera os dereitos básicos da cidadanía e rompe os principios de universalidade e equidade da Sanidade Pública.

O goberno do PP na Xunta de Galiza está a levar adiante unha serie de medidas que pretenden a privatización e o desmantelamento da sanidade pública no noso país como demostra a redución de persoal sanitario mediante a non cobertura de baixas e xubilacións, a redución de consultas e actividade nos quirófanos na quenda de tarde, o incremento dos concertos privados, a entrada de capital privado no financiamento dos novos hospitais ou o recorte de 237 millóns de euros no orzamento da sanidade pública.

2 - Por todo isto o BNG ven a pedir para que adoite o seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- Retirar de xeito inmediato o Protocolo que desenvolve a Orde de 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.
- Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.

Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Guarda, 25 de novembro de 2.011.”

Iniciado o debate para xustificar e votar a urxencia da moción, o señor Lomba Alonso di que dende a entrada en vigor da Orde, esta semana son alarmantes as declaracións do Presidente da Xunta e as chamadas recibidas de xente que perdeu os seus dereitos e se lles corta a asistencia sanitaria, hía xente que non ten dereitos sanitarios universais.

Sometida a votación a urxencia da moción,foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

A urxencia da moción prospera.

O señor Lomba Alonso explica que isto empeza a ter tintes alarmantes, como sucede co modelo americano, se produce un esnaquizamento dos servizos públicos, e no tema sanitario raia no esperpento.

A señora Estévez Álvarez pensa que a sanidade ten que ser para todos, así se reflicte na Constitución, todos os países envidiannos nese aspecto.

Intervén a señora Iglesias Ferreira e di que todos os usuarios teñen garantida a cobertura en calquera punto da rede do SERGAS. Pensa que intentar enganar á xente sobre as medidas sanitarias do actual goberno galego é moi irresponsable. A Consellería de Sanidade creou o código 29, para garantir a cobertura dos que residen en Galicia, tanto se traballan como se non o fan; é incerto todo o que acaba de ler, hoxe acaban de saber que xa non vai a existir a obriga de comunicación das persoas cando se van ó paro, pois se vai facer automaticamente. Di que se está utilizando a política do medo e da demagogia, o tempo pon a cada un no seu lugar, pensa que é unha lástima que esta moción non se presentara con tempo para debatila de modo axeitado.

O señor Alcalde di que votarán a favor.

O señor Lomba Alonso di que non consinte que se lle chame mentiroso, o hospital de Vigo estaba orzamentado e se lle da ós “*coleguitas*”, debería repasar o grupo de provedores de material.

A señora Iglesias Ferreira di que sen cartos públicos non hai hospital.

O señor Lomba Alonso di que o que lle parece irresponsable é o que se está facendo coa sanidade pública, e explica que se algo se está facendo agora é pola denuncia do BNG, as cousas son como son, en demagogia gaña o PP, o señor Presidente da Xunta non desmentiu esa orde na que se lle di ó usuario que ten que asinar un pre-contrato encoberto. Entendería que lle dixeran que o recorte sexa por razóns de austeridade, e indica que hai máis



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

responsabilidade nos centros sanitarios que na Xunta, porque houbo persoal que non estivo de acordo.

A señora Iglesias Ferreira mantén o mesmo, di que enganar así ós galegos non é responsable.

Intervén o señor Alcalde e di que recibiu queixas de dúas persoas, e a un familiar seu lle ocorreu, só se produxo hai quince días, e a sanidade é pública, universal e gratuita.

Sometida a votación a moción, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e Pazos Lomba (cinco votos en contra).

PUNTO 10º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA:

A señora Estévez Álvarez di que presentará por escrito os seus rogos e preguntas.

ROGOS E PREGUNTAS DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:

1.- O señor Lomba Alonso fai referencia a un escrito que o BNG presentou en relación coa rúa Malteses, que foi obxecto dunha resposta da que se desprende que o señor Rodríguez González lle pide a un veciño que faga o traballo que corresponde ó concelleiro, posto que lle pide que sexa esa persoa a que fale co resto de veciños en relación cun asunto de tráfico.

O señor Rodríguez González di que esa persoa fixo dúas reclamacións, e falou dúas veces con el, e no caso das bandas sonoras, dado que xeran problemas, el lle dixo que falara cos veciños, e cando os veciños quixeran, se lles colocarían as bandas.

Os señores Lomba Alonso e García Díaz piden que conste en acta a resposta dada polo señor Rodríguez González. O señor Lomba Alonso di que debe ser o concelleiro o que fale cos veciños, non entende a contestación que se lles remite, pois o concelleiro de tráfico, tendo dedicación, debiera ser o que vaia a falar cos veciños.

O señor Rodríguez González responde que se fixo así porque ese veciño foi o único que se queixou.

O señor Español Otero di que ese veciño foi recibido polo Alcalde, e cando acude á Policía Local se erixe en voceiro dos veciños. Di que se colocou unha sinal, o veciño afirmaba que había accidentes, se lle propuxo colocar bandas sonoras, e se lle pediu que consultara cos seus veciños, e se negou incluso a facer esa consulta.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2.- O señor Lomba Alonso fai referencia a un escrito presentado polo BNG o 2 de novembro en relación co alumeado de Nadal, pregunta cál será o orzamento, cántos se solicitaron e cántas empresas foron convidadas. Di que non se lle contestou.

A señora Magallanes Álvarez di que a secretaria lle deu traslado de copia dese escrito, pero o perdeu, di que o luns lle contestará por escrito, se ben hoxe xa está contratado, por un importe de 10.000 euros.

O señor Lomba Alonso pregunta cántas empresas foron convidadas, contestando a señora Magallanes Álvarez que o luns contestará por escrito.

3.- O señor Lomba Alonso pregunta ó señor Rodríguez González se a fonte Bieita vai quedar como está, e o señor Rodríguez González di que lle contestará por escrito.

O señor Alcalde di que igual é preciso pasar por alí e ver cómo está.

ROGOS E PREGUNTAS DO PARTIDO POPULAR:

O señor Fontenla Martínez fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Demanda dous pasos de peóns en Republica Dominicana e Diego Antonio González, contestando o señor Rodríguez González que Diego Antonio González é competencia da Xunta.

O señor Alcalde di que están solicitados uns cantos pasos, están agardando, e no caso de Republica Dominicana se trata dunha cuestión de cartos.

O señor Español Otero di que alí é mellor poñer pasos elevados, e o señor Rodríguez González di que Conservación de Estradas sempre se negou a colocalos.

2.- Pregunta pola baixada a Santa Catalina, que aínda non está feita, contestando o señor Español Otero que esperarán a primavera.

3.- Di que a iluminación da Praza de Salcidos na zona de Baliños leva dez ou quince días fundida, non funciona ningunha das farolas da praza.

O señor Español Otero di que é posible, e o señor Rodríguez González di que resulta raro que non o comunicaran no Concello, e o señor Español Otero di que se o houberan comunicado xa habería luz.

4.- Roga que se comprobe a iluminación de entrada do cemiterio de Camposancos, porque é deficiente.

O señor Rodríguez González di que xa tiveron conversas co cura de Camposancos.

5.- Roga que en Vicente Sobrino se coloque unha praza de aparcamento para minusválidos.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

O señor Fontenla Martínez di que o resto de preguntas as presentarán por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vintetrés horas e cincuenta e nove minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre